

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano colexiado</b>
PLN/2024/3	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

29 de febreiro de 2024

**Duración:**

Desde as 20:34 hasta a 1:03

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presididapor:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretaria:**

Berta Alonso Soto

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76898889E	JoséLuis Fernández Pérez	SÍ
35567119B	Manuel González Rodríguez	SÍ
34878073E	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
36010833D	Salustiano Guerra García	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35578505N	Selene González Luis	SÍ
76901268D	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**Sra. Alcaldesa:** Quero empezar por felicitar ao Partido Popular, neste caso de Salceda, polo resultado das últimas elección, resultados acadados non só a nivel autonómico senón a nivel local, parabéns, parabéns ao compañeiro Santi a ao resto de compañeiros e agardo que outras forzas políticas tomen boa nota do que aconteceu en Salceda e que creo que a obstrución, o non deixar gobernar ao fin e a cabo pasa conta e tamén teño claro que ese tipo de políticas só beneficia ao Partido Popular de Galicia e de Salceda. Me alegro que esteamos todos aquí, levamos dous plenos sen asistencia de compañeiros e compañeiras da Corporación hoxe alégrome de que decidirán asistir a este pleno porque son moitos os puntos interesantes e importantes que hoxe vamos a debater e aprobar para a veciñanza.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/15 ordinaria do 21 de decembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sr. Núñez Troncoso:** Na páxina 37 na miña intervención na segunda liña pon "... incluso hai ordenanzas se ..." e debería poñer "...incluso hai ordenanzas que ...", e na seguinte liña "...e por un pouco en ..." e sería "... e por un pouco de..." e na quinta liña "... incluso nos anos ..." e sería "... incluso nos planos ..."

**VOTACIÓN:** Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/15, ordinaria do 21 de decembro; **sendo aprobada por DOCE VOTOS A favor dos/das Sres./Sras. Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Castiñeira Alén, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, Fernández Pérez, González Rodríguez, Guerra García, Sra. Rocha Núñez e Ledo Souto e UNHA ABSTENCIÓN da Tourón Domínguez por non asistir á sesión.**

### Expediente 340/2024. Aprobación de proxecto de obra denominado "Memoria técnica de melloras das instalacións técnicas das piscinas municipais fase III"

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Este proxecto foi levado a Comisión informativa de asuntos do pleno e contou cos dous votos a favor de Movemento Salceda e cinco abstencións, tres do Partido Popular,



unha do Partido Socialista e outra do Grupo mixto-BNG. O proxecto de mellora das piscinas tiña tres fases, vasos, vestiarios e instalacións, esta última é a que traemos hoxe sobre a mesa e para min é das máis importantes posto que ademais dun aforro económico trasládase en aforro de cloro e polo tanto unhas instalacións máis ecolóxicas, unhas instalacións máis seguras e sanitariamente que cumpren os requisitos. Foi preciso reformulalo, o explicará o Concelleiro de deportes Marcos Troncoso.

**Sr. Troncoso Estévez:** Traemos a aprobación do proxecto de “Memoria técnica de melloras das instalacións técnicas das piscinas municipais fase III” cun orzamento base de licitación de 131.448€, o incluiremos dentro do Plan+ Provincia. Na fase I o que se fixo foi un acondicionamento dos vasos das piscinas municipais e da superficie perimetral. Na fase II houbo unha reforma e ampliación dos vestiarios e esta é unha fase III que sobre todo o que se pretende é mellorar a sala de mantemento onde están o sistema de depuración.

O que se pretende é unha mellora integral. Algunha das melloras que se van a levar a cabo é o sistema de cloración que vai ser por raios ultravioletas, que é unha das mellores tecnoloxías para a desinfección das piscinas municipais, aínda que temos que seguir como sistema auxiliar co sistema de cloración, que por normativa ten que haber certo cloro residual, se vai a proceder a substitución dos filtros, agora hai dous depósitos de filtros de area se vai a substituír por filtros con placas crepinas e con vidro filtrante. Os dous filtros que hai están nunhas condicións bastante obsoletas, incluso ten goteiras e perdas e xa que se fai esta obra que pretende ser ambiciosa e pretende ser unha reforma final para que estas instalacións poidan durar outros 20-30 anos e non haxa que acometer reformas cada dous por tres. Tamén se intentará mellorar outros elementos como as válvulas, ectroválvulas, tuberías, cableado e tamén unha das reformas importantes é o desaugue porque un dos problemas que ten actualmente a piscina municipal é o desaugue que ten unha arqueta moi pequena e cada vez que se produce o baleirado da piscina se inunda toda a sala. Vaise modificar esa arqueta e levará unha segunda arqueta para intentar bombear directamente as tuberías que enganchan co saneamento e desa forma intentamos subsanar os problemas como o desaugue cara o río, pois como todos sabedes o verán pasado houbo un problema de vertido pois desta forma xa se solventa este problema e esperemos que nunca máis pase isto. Tamén outras melloras como a ampliación do acceso a sala, ampliación da porta, reparación das escaleiras, división do vaso de compensación, e tamén unha renovación do cadro eléctrico. É unha reforma integral coa que conseguimos dar maior seguridade a instalacións de mantemento e aumentar o período de vida de estas instalacións, entendemos que con esto quedan as piscinas municipais totalmente reformadas, ben equipadas e esperemos que con larga duración. Unha instalación máis eficiente, hai unha redución de ata 80% do consumo de cloro co cal vai haber unha aforro económico e tamén unha mellora na calidade da auga e na hixiene das instalacións e maior aproveitamento da propia auga, xa que vamos a intentar que non haxa que baleirar cada tempada a piscina e se poida tratar durante todo o ano.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quero agradecer as palabras da Sra. Alcaldesa, lamento que nunca se fixera na noite electoral cando sempre gañamos as eleccións, e eu si o fago cando perdemos as eleccións como fixen no ano 2015. O importante é recoñecer o que os veciños deciden e non é o mesmo gañar que perder, aínda que despois os que perden se xunten para gobernar, legal, lexítimo, pero hai que recoñecer as vitorias e hai que recoñecer as derrotas, polo tanto agradezo publicamente nos felicite pola vitoria cousa que non fixo no ano 2023, tampouco o seu antecesor nos anos anteriores. Quero tamén agradecer aos 2367 veciños que nos deron a súa confianza e tamén agradecer aos máis 4.700 salcedenses que participaron nesas eleccións



e tamén salientar, aplaudir e recoñecer, que en democracia cando as cousas se fan ben, me refiro a participación e ao día electoral, pois todos debemos felicitarnos e así foi o 18 de febreiro, que por sorte e para a satisfacción de todos non tivemos que salientar ningún percance ou altercado no noso Concello, polo tanto todo e cada un, independentemente do que votaran, os nosos parabéns e o noso agradecemento por participar nese día electoral.

En canto ao tema a tratar que é a mellora das instalacións das piscinas municipais que como ben se dixo aquí por parte do Concelleiro delegado é a III Fase, na cal sempre votamos todos unanimemente a mellora da piscina municipal, unha instalación da que fan uso centos de nenos e maiores na tempada de verán e que nós no tocante a estes proxectos soamente temos que confiar nos técnicos que desenrolan este proxecto que damos por feito e así, o respaldamos co noso voto que o que propoñen tecnicamente, a solución que propoñen a consideran que é a máis óptima e a mellor para desenrolar esa cloración e tamén a mellora de todo ese espazo onde están a sala de cloración e etc...e polo tanto só dicir que esperamos que esta executada antes de que comece esta tempada, tempo hai e tamén que se execute do mellor xeito posible da mellor maneira, profesionalmente falando, que queden as cousas ben para que durante moitos anos non hai que reparala ou como está pasando en outras obras ver como meses despois temos que andar a reparar esas obras. Polo tanto o voto do Grupo maioritario da Corporación vai ser a favor e apoiar esta mellora das instalacións das piscinas municipais.

**Sra. Tourón Domínguez:** Quero comezar felicitando ao Partido Popular polos resultados tamén por gañar esas eleccións, tamén ao BNG polo gran resultado que obtiveron e en canto a intervención inicial da Sra. Alcadesa en relación a que outras forzas de esquerdas non deixan gobernar, eu quero lémbrelle que si se deixou gobernar, de feito está gobernando, é Alcadesa e en lugar de esa intervención ao mellor o que nos gustaría as forzas políticas de esquerdas é que nolo agradecera en algún momento porque iso aínda non llo escoitei.

En relación ao punto que tratamos da fase da piscina, dicir que estamos totalmente de acordo que hai que terminar esa reforma integral que se comezou da man do Concelleiro Socialista, Rubén González, gústame lembralo porque foi un esforzo importante 37 anos despois que tiña a piscina naquel momento no que se iniciaron esas obras de reforma integral en dúas fases, primeiro os vasos e a zona de praia e despois os vestiarios e agora quedaba esa terceira fase que efectivamente se mellora con este proxecto. Estamos totalmente de acordo con todo o que sexa mellorar, sei tamén que a empresa que leva agora o mantemento prefere algunha destas cousas en lugar do proxecto que había inicial como a luz ultravioleta en lugar do ozono, eu creo que tamén é mellor co cal todo que sexa mellorar benvido. Na Comisión non se nos informou que iba no Plan + Provincia pero me alegro que haxa esa financiamento e sobre todo que se rematen unha instalacións que levan moito tempo funcionando que se comezou esa mellora e que se remate para o disfrute de todos e de todas.

**Sr. Guerra García:** Acabamos de enterarnos que este proxecto que se trae aquí vaise presentar a unha subvención da Deputación, cousa que non se nos informou o outro día, a min gustaríame saber de canto é o proxecto, canto custou a redacción do proxecto e canto custa a dirección de obra que iso non o localicei na documentación. Por parte do Goberno Local no pleno de 26 de outubro se trouxo un proxecto obra de accesibilidade ao Centro de Servizos Sociais por valor de 48.400€, no pleno de 21 de decembro se trouxo un proxecto de urbanización da rúa Ador e Rafael Tilve Adrio por valor de 496.800€, agora se nos traen tres novos proxecto, estamos falando do primeiro, en ningún caso discuto de que sexa necesario



para rematar o tema das piscinas, a primeira pregunta, cando se vai traer o primeiro proxecto de saneamento a este pleno? Despois nos gustaría que nos proxectos se fixera constar cando vale a redacción de cada proxecto, porque está ben que teñamos proxectos pero ao mesmo tempo logo avanzado o pleno imos falar moito de números, de facturas e de débedas e doutras cousas e é lóxico que teñamos preocupación por saber que proxecto realmente están aí con posibilidades de financiamento para sacar a diante e que proxecto van a ser, tal vez, máis para a galería que para unha realidade de poder realizalos. Gustaríame ter eses datos que pedín antes. As piscinas neste momento están en pleno uso, quero dicir, perfectas para usar? Cuestión que tamén nos gustaría saber, para saber da urxencia ou non deste proxecto.

**Sra. Alcaldesa:** Tano, deberías revisar o expediente ben, xa antes de ir a Comisión informativa por si hai algunha pregunta como cal vai ser a financiamento e nós diríamos que vai ser a través do Máis Provincia de Deputación de Pontevedra e tamén nese expediente verías que están o importes da dirección de obra, da redacción dos proxectos. Xa cho dixen unha vez que hai que traer estudados os proxectos. Na última folla figura o importe. En canto a traer proxectos a este pleno, é certo que levamos traído moitos, un bo traballo feito polos Concelleiros e Concelleiras e o seguiremos facendo, a Rúa Ador, accesibilidade de Centro de Saúde vello agora Centro Social, hoxe piscinas e dous máis, precisamente hai que ter o traballo feito para cando saian as liñas de subvención realizalas. En canto a saneamento, que sempre insistes nese tema, saneamento acabamos de investir na Rotea-Ataúde 140.000€ e estamos a piques de pechar un proxecto que vai a ir cofinanciado co Consorcio do saneamento de Presa, cando sexa o momento traerese a esta sesión plenaria ou si non é posible aprobarase por Decreto para envío a Deputación deste Plan + Provincias e despois xa se dará conta del neste pleno. Non son proxectos de galería, é traballo feito no que esta xente se deixa moitas horas e gracias tamén aos técnicos e técnicas municipais e do equipo de redactores dos proxectos.

**Sr. Troncoso Estévez:** Efectivamente, Tano, no apartado 6.7 honorarios máis presuposto de obra xa reflicte claramente os custes do proxecto, honorarios redacción de proxecto: 4.916,00€ e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde: 2.106,80€ un total de 7.022,80€ e con IVA 8.497,58€, ven no proxecto. En canto ao saneamento xa acaba de dicir Loli, efectivamente se traerán nos sucesivos plenos diferentes proxectos de saneamento o da Presa está a punto de finalizado e se traerá a pleno. Estamos traballando no proxecto de saneamento de Entenza, xa se presentou á Confederación Hidrográfica e esperamos a ver si nos pode caer a unha axuda de este Ente e si, traballamos en todos estes ámbitos, o saneamento a este Goberno nos preocupa moito estamos traballando e poñendo todo o noso empeño en poder traer proxectos de saneamento. Decía Santi que temos tempo de realizar estas obras antes do verán coido que vai a ser complicado chegar antes do verán realizando esta obra, máis que nada, porque temos que presentalo ao Plan + Provincia que nos veña aprobado, sacar a licitación o concurso e logo hai un prazo de execución de seis meses co cal se nos ven moi encima o período e non queremos que non colla encima no principio da temporada da utilización das piscinas cos deberes ao medio facer, co cal seguramente teñamos que esperar a despois da tempada, setembro se acometerán as obras.

**Sra Alcaldesa:** Dou lectura a Proposta de acordo, seguinte:

*“Visto o proxecto de obras proxecto de obra “Memoria técnica de melloras das instalacións técnicas das piscinas municipais fase III”, redactado polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Rodríguez Varela, de data 08.02.2024, ascendendo o total do orzamento*





*de contrata a 131.448,47€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 22.813,37€ e o presuposto sen IVE a 108.635,10€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0033 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0005 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098 /2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Memoria técnica de melloras das instalacións técnicas das piscinas municipais fase III”, redactado polos arquitectos RocíoBernárdez Fernández e Miguel Rodríguez Varela, de data 08.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 131.448,47€ (IVE do 21% incluído), o IVE a 22.813,37€ e o presuposto sen IVE a108.635,10€.*

**SEGUNDO.** *Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por DOCE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e PP (6), e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG (1), adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Memoria técnica de melloras das instalacións técnicas das piscinas municipais fase III”, redactado polos arquitectos RocíoBernárdez Fernández e Miguel Rodríguez Varela, de data 08.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 131.448,47€ (IVE do 21% incluído), o IVE a 22.813,37€ e o presuposto sen IVE a108.635,10€.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.



**Expediente 396/2024. Aprobación de proxecto de obra denominado “Execución de nova cuberta da aula 2 do CRA Raíña Aragonta en San Estevo de Budiño”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Alcaldesa:** Este punto na Comisión informativa que se celebrou o pasado luns, obtivo os votos a favor deste proxecto os de Movemento Salceda e houbo tres abstencións, as do Partido Popular, as do PSOE e as do Grupo mixto BNG.

**Sra. González Luis:** Este proxecto da execución de unha nova cuberta da aula 2 de Budiño, suporía a primeira fase dun proxecto de rehabilitación completa e o proxecto completo ascende a 333.139,16€ e faise necesario distribuír en fases para poder chegar a executalo no seu momento, tamén se fai necesaria esta actuación para evitar unha maior deterioro da construción xa existente, pretendendo pechala para que na próxima intervención se reforme o interior, a groso modo este proxecto consiste en construír unha cuberta a dúas augas formada por unha estrutura de formigón mediante o forxado unidireccional de bovedillas de EPS, actualmente atópase sen cuberta e só se aproveitará a fachada polo tanto trátase de adecuar a estrutura aos elementos xa existentes para que soporte a nova cuberta. O importe desta fase é de 72.439,28€ e empresa que se encargou da súa redacción foi MUN Arquitectura. A financiamento queremos que sexa a través do Plan + Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra e temos a fortuna de contar no noso Concello con infraestruturas de este tipo, esta data do 1960 e creemos que temos a obriga de coidalas e de mantelas, e sobre todo de poñelas a disposición dos diferentes colectivos sociais que así o solicitan, xa se ven de facer algo similar na Revolta a antiga aula unitaria agora está cedida a Asociación Veciñal para que lle dean un uso e o poidan desfrutar todos e todas as veciñas da parroquia de Parderrubias, e agora preténdese arranxar este espazo, esta antiga aula de Budiño para o desfrute das asociacións que así o levan solicitando moitos anos e que consideramos que así debe ser.

**Sr. Rodríguez Davila:** Nós vamos a estar de acordo con esta obra de realizar esa cuberta que non existe a día de hoxe nesa edificación educativa. Nos chama a atención, vai por diante que nós non temos nada en contra de ningún profesional e todo o noso respecto para o traballo dos mesmos, pero si que vemos que os proxectos que veñen a este pleno son sempre realizados, no 99%, polas mesmas persoas. Gustaríanos que dende o goberno se dera publicidade a cando teñen a necesidade de facer un proxecto que o fagan público nas redes sociais oficiais do Concello, que o publiquen para que os demais arquitectos que hai neste Concello teñan a oportunidade de facer eses proxectos e non que sexan os mesmos sempre quen fagan os proxectos das diferentes obras. Está a disposición de calquera veciño ver como sempre optan a estes traballos as mesmas persoas, e insisto e vai por diante o noso respecto a eles, que nada temos en contra deles pero o que si estamos a dicir aquí é defender a oportunidade que meceren e que deberían ter os demais arquitectos, que os hai neste Concello, e optar a poder facer eses traballos ademais a obriga de calquera goberno é intentar ter os mellores profesionais e tamén comparativamente no prezo, nos prazos, e no proxecto en si, e polo tanto non sempre optar polas opcións que vostedes optan.

En canto ao proxecto, efectivamente aí hai un estado penoso, incluso no seu momento houbo bastante risco de perigo para os cativos que van a esa aula, logo se lles pechou as xanelas que existen e polo tanto o que se pretende facer agora é inicialmente facer esa cuberta, como se



dixo, e nós non temos máis que apoiar todo o que sexan melloras, independentemente que como dixen na anterior intervención, sempre é mellorable aquilo que se pretende realizar pero un ten que depositar a confianza sempre tanto nos que redactan os proxectos, como tamén nas empresas adjudicatarias das obras aínda que as veces, seguramente, se farían de outra maneira si fose outro goberno. Dito isto, o noso voto vai ser favorable a mellorar esa instalación municipal na parroquia de San Esteban de Budiño, concretamente na auxiliar aula que hai no CRA da parroquia de Budiño.

**Sra. Tourón Domínguez:** Igual que na liña do punto anterior, este é un proxecto que xa estaba feito supoño que o que fixo o Goberno actual foi dividir o que xa estaba feito, é un proxecto que ademais traballei eu nel, este proxecto ia a ser feito, ou así estaba na memoria do obradoiro de emprego aprobado pola Xunta, si é verdade que nesa memoria estaba o proxecto completo de reforma desa aula, polo visto e tal como se nos informou na Comisión á miña pregunta pois se mudou ese proxecto e se fai só o proxecto da cuberta, se retira do obradoiro da Xunta de Galicia que se está a celebrar neste momento, esa parte, eu non teño nada en contra de que se reforma a cuberta de Budiño, repito, o proxecto era de reforma integral do Obradoiro, co cal non vamos a opoñernos, pero si é verdade que creo que si estaba aprobado pola Xunta de Galicia para facelo co obradoiro, o obradoiro comezou, están a traballar, debería cumprirse co proxecto que aprobou a Xunta tal cal. Insisto que creo que é desaproveitar o obradoiro para obra pública pero sobre todo e temos que ter coidado se lle quita gran parte da parte práctica ao alumnado – traballador do obradoiro iso pode levar a que nun futuro non se fagan obradoiros de emprego en Salceda e creo que máis alá da obra pública que poidan deixar o alumnado-traballador deste obradoiro hai que pensar tamén nas titulacións que reciben esas persoas despois dese ano de obradoiro, que é importante sobre todo para inserción laboral e temos que pensar tamén o obradoiro dende ese punto de vista. Polo demais de acordo con que se faga a cuberta pero insisto en que a veces cambiar todo o que se deixa feito simplemente por dicir que se fai outra cousa pois igual non é acertado.

**Sr. Guerra García:** Á vista de como está esa aula indubidablemente calquera tería a razoabilidade de dicir que necesita canto antes cubrirse cando menos para que o que hai non se deteriore máis. En todo caso o acaba de dicir a Sra. Tourón, lamentar que por parte pola escola do obradoiro non se poida efectivizar o traballo que estaba programado para esta aula porque a parte da repercusión que ia a ter sobre o alumnado da escola do obradoiro, indubidablemente supoño que lle saíría máis barato ao Concello esa vía que a actual.

**Sra. González Luis:** Efectivamente en ningún momento se pretende cambiar este proxecto polo proxecto que xa estaba feito anteriormente polo que segundo teño entendido, Verónica traballou nel para que se puidera presentar para o obradoiro que se está realizando, isto non é un cambio de proxecto isto é unha división por fases para que proxecto deixe de ser unha ilusión e pase a ser unha realidade. O obradoiro que se está executando agora mesmo foi concedido con unhas obras prácticas e un proxecto que contaba con catro partes, a rehabilitación da antiga casa escola da Vendanova, Fase II, é dicir, preparar a segunda planta do edificio no que actualmente actúa AFAGA na Vendanova; facer esta obra en Budiño con un presuposto que supón 333.139,16€; mellora do Centro da Devesa, a parte que non foi reformada e mellora da oficina do Centro de Desenvolvemento Local O Torrón, para que sexan conscientes do diñeiro que se conta para facer esas obras. É certo que o obradoiro é un proxecto que conta con moito diñeiro, pero é un diñeiro que tamén vai destinado en gran medida á contratación do alumnado que cobra a súa nómina mensualmente, esa subvención para o apartado de materiais e para poder executalo é de 42.240€ xunto coa aportación do





Concello de 5.000€ falamos de un total de 47.240€. Tras facer unha reunión co director do obradoiro, cos profesores e demais e tendo en conta todos os proxectos que se habían presentado e tendo en conta o abaratamento dos custes xa que a man de obras sería executada polos propios traballadores saía reducindo moitos dos apartado que estaban proxectados, facendo a parte máis importante de cada un dos catro proxectos un total de 109.198,72€, é dicir, o dobre do diñeiro que tiñamos, reducindo moito, falouse coa Xunta se lles propuxo centrarnos naquelas obras nas que temos o diñeiro para gastalo e o tempo garantindo sempre as horas, a calidade práctica e a adecuación e a correspondencia da práctica coa teoría dos alumnos, sempre garantizando iso.

**Sra. Tourón Domínguez:** Vaian as desculpas de ante man pero creo que a Concelleira de emprego descoñece como funciona un obradoiro de emprego. Un obradoiro de emprego primeiro e entendo ademais que dende o punto de vista de Concelleira de Emprego o primeiro no que ten que pensar é no emprego, non na obra pública que sae dese obradoiro, que tamén. Un obradoiro a función principal é que vinte persoas, neste caso dez no que é o itinerario formativo de albanelaría e outras dez de carpintería, se formen traballando, é dicir, que ao mesmo tempo que van adquirindo coñecementos e capacitación para recibir unha titulación, traballen a favor da veciñanza de algunha maneira, para deixar sexa obra pública, servizos, ou outras cuestións. Por suposto que os obradoiros non cobren os gastos de materiais todos, porque o obradoiro insisto que é para formar ás persoas que participan nel, co cal creo que descoñece cal é o funcionamento e pon por diante unhas cuestións que non son as prioritarias nun obradoiro de emprego. A miña pregunta é como vai a capacitar as dez persoas que están no obradoiro de albanelaría ou os que están en carpintería facendo simplemente o mobiliario da Devesa e a parte de arriba da escola da Vendanova que hoxe se destina a acoller a AFAGA? O digo porque algo de experiencia nisto teño. Non sei tamén si coñece quen fai as memorias dos obradoiros de emprego e quen calcula si esa obra se pode facer ou non dentro de ese período de tempo, e agora vai a dicir que o obradoiro pasado non se acabou a obra, e volvo a insistir, o importante é a capacitación pero entre outras cousas non se acabou a obra porque a Concelleira de emprego de aquel momento ata o 15 de xuño era Verónica Tourón e como sabedes cal foi o resultado despois dese pleno de investidura se abandonou o emprego en Salceda e se deixou o obradoiro ao libre albedrío para que non se acabara e tivesen que contratar empresas privadas para rematar a obra do obradoiro.

Insisto, non xoguemos co emprego, non xoguemos cos obradoiros de emprego que durante décadas, creo que o último que se había celebrado ata que o Partido Socialista chegou ao goberno na última lexislatura, o último se había feito en época de Marina Cabaleiro alá polo 2007, non xoguemos, non perdamos os obradoiros que costou moitísimo traballo volver a recuperalos, sobre todo porque xogamos co futuro da xente, xogamos con esa titulación tan necesaria para a inserción laboral e para as persoas desempregadas.

**Sra. González Luis:** Eu non saberei como funciona un obradoiro, descoñecereino en absoluto porque efectivamente non todo o mundo ten que saber de todo e está ben preguntar cando un non sabe certas cousas, o que non vou a poñer en tela de xuízo é si o director do obradoiro, o profesor de albanelaría, o profesor de carpintería neste informe económico que fixeron digan que o diñeiro da ata onde da, e evidentemente o Concello en obra pública ten que inverter e ten que aportar materiais a maiores pero sempre cunha previsión e sempre calculando antes de empezar un obradoiro canto diñeiro se vai a gastar. O que non podemos facer é gastar por encima das nosas posibilidades como se fixo no obradoiro anterior. Sinto dicirlle, porque ao mellor de obradoiros non entendo, pero si reducindo a metade da obra me da o dobre da



partida presupostaria que está fixada pois dous máis dous son catro. En todo momento se garante a empregabilidade do alumnado e en todo momento coa titora do obradoiro, co profesor de albanelaría, co profesor de carpintería e co director do obradoiro en diferentes reunións conxuntas que se tiveron, se garantiu que a parte teórica tivera unha execución práctica para que a empregabilidade e a certificación do alumnado estivese garantida e non se fai facer só, Sra. Verónica, a segunda planta de AFAGA nin se van facer os mobles de A Devesa porque a vostede cando solicitou este obradoiro esqueceuse dun detallíño que foi pedir un espazo para poder facer o lacado e o vernizado especializado para carpintería, porque o 21 de febreiro nunha reunión que se mantivo coa Xunta se lle explicou e se nos aclarou que para que as persoas teñan o certificado de profesionalidade de aplicación de vernices e laca en elementos de carpintería e moble, como se solicitou neste obradoiro, necesitan un espazo onde vernizar e onde lacar.

**Sra. Alcaldesa:** A execución da nova cuberta da aula 2 do CRA Raiña Aragonta en San Estevo de Budiño, unha obra súper agardada pola veciñanza de esa parroquia que agardamos que se acometa canto antes, a financiamento a través do Plan + Provincia nesta primeira fase, sendo realistas e que non ocorra o que pasou co obradoiro precisamente do ano pasado. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Execución de nova cuberta da aula 2 do CRA Raiña Aragonta en San Estevo de Budiño”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 09.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 72.439,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 12.572,11€ e o presuposto sen IVE a 59.867,17€ e sendo necesaria a aprobación domesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0035 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0006 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte*

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Execución de nova cuberta da aula 2 do CRA Raiña Aragonta en San Estevo de Budiño”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 09.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 72.439,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 12.572,11€ e o presuposto sen IVE a 59.867,17€.*



**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo**

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Execución de nova cuberta da aula 2 do CRA Raíña Aragonta en San Estevo de Budiño”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data 09.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 72.439,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 12.572,11€ e o presuposto sen IVE a 59.867,17€.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

<b>Expediente 420/2024. Aprobación de proxecto de obra “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúaCoruña”</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Non pasou a Comisión informativa pois só tivo os votos a favor de Movemento Salceda, de novo a abstención dos tres Grupos Políticos, a oposición, PP, PSOE e Grupo Mixto-BNG e a verdade non acabo de entender moi ben as abstencións dos grupos políticos da oposición nas Comisións, creo que todos eles polo menos os dos dous que falamos ata de agora, e agora este son proxectos positivos para Salceda, demandados por toda a veciñanza o que me fai pensar dúas cousas ou ben que non se traen os expedientes preparados ás Comisións ou ben que están alienados en votar os tres o mesmo. Espero que agora mo expliquen cada unha das portavocías, e quero recordarlle á veciñanza que se cobra, a oposición cobra por asistir a esas sesión e creo que polo menos débese ir cos deberes feitos. Nós seguimos nese camiño de recuperación de espazo para as persoas promovendo a mobilidade amable, saudable creo que unha Vila máis humanizada é unha Vila máis saudable e seguiremos nese camiño de cumprimento do PEMUS.

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto se trae a aprobación do proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”. É un proxecto que intenta dar continuidade á transformación do casco urbano que se leva feito nos últimos anos, o goberno actual cree neste modelo de vilas, vilas pensadas nas persoas, na seguridade e na accesibilidade, un pouco seguindo o PEMUS, o Plan de mobilidade urbanística sustentable de Salceda, que intenta recuperar e poñer en valor o espazo para as persoas, os espazos verdes, a accesibilidade, redución de contaminación e mellora de seguridade viaria. Este proxecto é financiado na súa totalidade pola Deputación nunha subvención da rede AGORA. Salceda de Caselas forma parte da rede Agora, un pouco encamiñado nesta liña, aqueles Concellos que pretenden levar un modelo de aproveitamento dos espazos para as persoas, para a accesibilidade conseguindo o noso PEMUS. O proxecto é o proxecto de humanización da rúa Coruña que son unha superficie



de 1625m<sup>2</sup>, cun orzamento de execución material de 208.195,46€ e un orzamento base de licitación de case 300.000€ e un prazo de execución de seis meses. É un proxecto que non conta con financiamento a día de hoxe, o que intentaremos é traballar para que se poida facer realidade. O que traemos hoxe é a aprobación do proxecto, a redacción deste proxecto é subvencionada ao 100% pola Deputación e como digo falta buscar esa financiamento para levar a cabo a realidade este proxecto.

A descrición das obras é seguindo a rede Ágora ao igual que hai outros proxectos desta índole como á que trouxemos no último pleno da rúa Ador, Rafael Tilve e Victoriano Pérez Vidal, consta de ampliar as beirarrúas seguindo as premisas que nos marcan o proxecto Agora, ampliación de beirarrúas de 2,5m, o carril de rodadura do tráfico de 3 m. de asfalto, unha liña de vexetación de 2 m., a liña de aparcadoiros aquí se suprime toda a liña de aparcadoiro da marxe dereita e nos quedaría o da marxe esquerda, 12 aparcadoiros dous deles para persoas con mobilidade reducida e unha praza de carga e descarga e tamén se renova o mobiliario urbano, bancos, papeleiras, farois e os balados. Por suposto tamén a renovación de toda a rede de servizos de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público. Con isto se busca gañar espazo peonil, hai un incremento do 110% de espazo para as persoas, a reordenación do tráfico rodado vai ser unha área na que hai menos presenza de vehículos e pasaran a menor velocidade posto que os pasos de peóns van ter un pequeno levantamento o cal vai facer que se teña que moderar a velocidade, a diminución de emisión de gases de efecto invernadoiro e tamén unha mellora na seguridade viaria. Obviamente se promociona unha mobilidade alternativa sitio para camiñar, para pasear, sitio para bicicletas, unha hábitat moito máis saudable e se intentará tamén que se reactive economicamente a zona porque a xente poida desfrutar das terrazas e dos locais e facer consumo nos diferentes baixos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quería comezar lamentando os reproches mutuos dos dous grupos políticos que acaban de ver vostedes en directo que formaban goberno fai uns meses e así nos foi e así nos vai, con eso cada un que saque as súas reflexións. É curioso que se fale no punto anterior respecto dos materiais e sería bo que nos explicaran porqué durante semanas e semanas os alumnos da escola obradoiro non puideron facer o seu traballo porque o Concello non lle subministróu o material, porque as empresas xa non lle subministra ao Concello o material para facer ese traballo.

En canto ao punto a tratar, Sra. Alcadesa, proxecto de reforma do edificio da Devesa, Plaza de Abastos Municipal, Carreiro do Rollo, Edificio da Biblioteca Municipal, rúa Joaquín Fernández Sestelo, esta obra da rúa Coruña, aula de Budiño, todo redactados por un ou outro arquitecto aos me refería, polo tanto non pretenda vostede xustificar o inxustificable. Reitero, si votamos a vista a tras dos últimos anos, oito ou dez anos para atrás, o 90% dos proxectos son redactados sempre polas mesmas persoas, e me remito a miña intervención cando fixen referencia a contratación por parte dos diferentes gobernos de proxectos realizados neste Concello nos últimos anos respecto a eses profesionais, pero unha cousa é iso e outra cousas é que o Goberno ten a obrigaçión de dar oportunidades a máis arquitectos polo que dixer na miña inicial intervención.

En canto ao punto que estamos a debater, dicir, que a rúa Coruña no treito que vai do inicio do parque Raiña Aragonta onde estaba o comercio agrícola de Lucas ata a pequena rotonda que hai en Altamira, ese é o que se pretende aprobar hoxe aquí cun orzamento de case 300.000€. Nós estamos de acordo en mellorar sempre o noso casco urbano pero tamén estamos de acordo en mellorar os barrios e as parroquias, nós estamos de acordo en humanizar pero con



sentido, compatibilizando os peóns coa necesidade do desprazamento e aparcamento do vehículos onde sexa posible e compatible, insisto, onde sexa posible e compatible. Pregúntenlle en Ponteareas que tal lles vai. Non se pode facer en todas as rúas o mesmo porque non todas as rúas e zonas do casco urbano son iguais por exemplo o estado, a situación, a súa anchura, o comercio que hai na zona ou os equipamento ou dotacións municipais ou privadas que hai no entorno de cada unha de esas rúas, hai que facer unha actuación ou outra dependendo do que acabo de manifestar. Entre outras cuestións que poderíamos ter en conta, nós apoiamos case sempre todas as obras de mellora do noso casco urbano de humanización, é certo que en algunha nos abstivemos porque tiñamos as nosas dúbidas e creo que o tempo, ao final, nos deu a razón, outras porque non foron atendidas as propostas de melloras que fixemos de eses proxectos e temos probas manifestas de que creo que cun pequeno retoque deses proxectos e polo tanto das obras que se realizaron no noso casco urbano, sería moito máis doada a circulación dos vehículos e a compatibilidade dos peóns; exemplo, o cruce do Bar Central, o cruce da rúa Rafel Tilve, as xardineiras que hai diante do bar Charango, a rúa Pontevedra ou esta última que se fixo onde os camións teñen que aparcar encima das beirarrúas para subministrar aos comercios que hai na zona, me refiro a rúa Joaquín Fernández Sestelo, e moitas desta que acabo de mencionar tiveron o voto favorable do PP pero outras tiveron da abstención.

Se falou aquí da eliminación das prazas de aparcamento, efectivamente, agora mesmo nesa rúa Coruña hai 46 prazas de aparcamento van a quedar 11 iso é eliminar o 80%, nesta rúa co ancho que ten na fronte do parque Raiña Aragonta é unha barbaridade pretender eliminar os aparcamentos en batería, é dicir, os 21 actuais e que só queden 11, é posible deixalos en batería e humanizar e mellorar esa rúa pero vostedes os queren eliminar en batería e colocalos en linea. Os novos aparcamentos dos que vostedes falan son sobre propiedade privada e os da rúas serán sempre públicos e para todos e polo tanto eses terreos privados están chamados a ser no futuro equipamentos sobre os que construír ou vivendas ou equipamentos dotacionais ou infraestruturas e non sei si van por Vigo, por exemplo, pero ven humanizacións onde seguen respectando o aparcamento onde sexa posible. Insisto é posible humanizar, mellorar e compaxinar o aparcamento.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nós creemos que é un entorno, tanto o do parque da Raiña Aragonta coma o colexio, que si se debe humanizar. Podemos estar máis ou menos de acordo si este é o xeito mellor para facelo pero si que é un entorno que se debe gañar espazo para as persoas e sobre todo para os nenos e nenas que utilizan o parque e que tamén teñen o colexio alí, comedor e demais. Espero que a Deputación de Pontevedra continúe co Plan Agora para que poida haber financiamento para estas cousas, si ben teño que dicir que hai que procurar financiamento para outros temas como xa se mencionaron antes aquí neste pleno, como pode ser o saneamento. Alégrome que a Alcaldesa antes anunciase a redacción do proxecto da Presa, proxectos que xa quedaron aprobados polo Consorcio sendo eu Alcaldesa e que despois se votou en contra por Movemento Salceda neste Pleno da constitución dos estatutos desa entidade que promove e que acordamos os catro Alcaldes e Alcaldesas que estabamos naquel momento investir o remanente en proxectos de saneamento, tanto na execución como o que se acaba de facer na Picoña ou na redacción de proxectos. Espero que haxa algo máis de axilidade que non se traía aquí o traballo que no seu día fixo o PSOE, volvo mencionar o Concelleiro Rubén González de saneamento naquel momento, que deixen a lei do mínimo esforzo e empecen a traballar en cousas dende o principio.

**Sr. Guerra García:** Sumando este proxecto e o aprobado no mes de decembro para as rúas





Rafael Tilve e Ador vexo que se nos coloca xa en 800.000€ a pretensión de investimento na Esfarrapada. Así como o da rúa Ador podía entendela pola presenza da Galiña Azul a urxencia ou a necesidade neste momento e nesta situación e sobre todo cando non hai garantida subvención para esta obra, non hai garantido partida para esta obra porque pola Sra. Castiñeira se recoñeceu que se descoñece si a Deputación vai continuar con Plan Agora que é no que se sustenta este proxecto, está ben que poñamos a Esfarrapada moi bonita pero cando falamos de outras necesidades e volvemos sempre ao mesmo punto, a Sra. Castiñeira di, saneamento xa está o Consorcio realizando unha, xa na Picoña se fixo unha, Sra. Castiñeira non me fale de obras xa do ano pasado estamos falando do futuro non estamos falando do ano pasado por moito que se realizase a principios de este ano, fiar máis de saneamento non so o Consorcio senón a boa vontade ou as posibilidades de que a Confederación Hidrográfica vote unha man no saneamento pois mentres iso se fía a externos resulta que aquí facemos proxectos para a Esfarrapada exclusivamente e sabendo que pode, se non polo plan Agora se intentará meter por outras vías da Deputación e de aí hai unha negativa constante, édicir, vamos facer planos de saneamento e vamos metelos nos plans que ten a Deputación, que caben, non o Agora pero outros si, non sabemos porque, seguimos dourando ben aquí a zona urbana mentres as necesidades da zona rural seguen postergándose ou deixándose para terceiros, a ver si teñen a ben dar un paso para adiante. Nós non vamos a apoiar este proxecto porque creemos que neste momento a necesidade non está aí e ademais entre este proxecto e o da rúa Ador e Rafael Tilve Adrio estamos falando xa de 800.000€ si empezamos a sumar as partidas que se levan metido nos últimos anos aquí na Esfarrapada nos podemos encontrar cabreados.

**Sr. Troncoso Estévez:** Sinceramente non sei esa obsesión de sacar aquí agora ese tema do saneamento cando estamos aprobando outro punto moi diferente que é o de aproveitar unha subvención 100% da Deputación dun programa que é o programa Agora que nos da a posibilidade da redacción de proxectos que son interesantes para o casco urbano, neste caso, unha subvención que nos sae 100% sen custe ningún para o Concello e a final parece que non sae adiante, non sei porque, nos estamos traendo aquí a aprobación da realización deste proxecto senón a redacción dun proxecto, son proxectos que nós temos listos, preparados e si nalgún momento vemos unha liña de financiamento que nos poidan encaixar por aquí xa temos os proxectos e xa temos moito traballo adiantado. Que me digas que non sexa unha necesidade este proxecto, vale, o que tecnicamente haxa mellores solucións ou no iso pódese discutir pero que non se poida aproveitar esta subvención non o comprendo moi ben. En canto ao aparcadoiro, si efectivamente se suprimen bastantes prazas de aparcamento pero xa atopamos unha solución o que pretendemos é ampliar a nosa rede de aparcamentos disuasorios e estamos xa finalizando a cesión duns terreos ao lado das instalacións deportivas do pavillón que se dotaran aproximadamente duns 150 aparcadoiros que están a 200-300 metros de esa rúa e non é que nós queiramos cambiar os aparcadoiros de batería en liña, simplemente que seguindo a directrices que nos marca o proxecto Agora hai que cingirse a uns criterios técnicos que fan que a única posibilidade de obter aí aparcamentos sexan en liña, hai que respectar unha anchura de beirarrúas, unha liña verde de vexetación polo que a única forma de manter os aparcadoiros nese caso é en liña non se pode manter en batería, temos 24 aparcadoiros disuasorios en Salceda, Salceda é unha Vila non moi grande e se pode mover con facilidade polo seu casco urbano e está dotado de moitos aparcamentos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Creo que esto é importe que tomen nota, de porqué non se comparte o inicio dun proxecto para que poidamos aportar ideas, o levo dito en reiteradas ocasións, esa obsesión de traer os proxectos e aquí isto é o que traemos e o aprobades ou deixades, creo



que sería moito máis produtivos para todos poder compartir e traballar e aportar e logo eso plasmalo en un documento para traer as comisións e a plenos, pero vostedes seguen nesa liña, na situación actual tanto do estado da propia rúa como na actual situación que está o Concello onde hai cento de necesidades prioritarias e básicas das que carecen tanto as parroquias como os casco urbano, parécenos excesivo investir os 300.000€ neste momento, insisto neste momento. Si se quere pódese mellorar esa rúa por exemplo, ampliando as beirarrúas na parte final antes da pequena rotonda ou dotándoa de arborado ou tamén de mobiliario urbano, para iso non é necesario gastar 300.000€. Eses terreos dos que vostedes falan, dos aparcadoiros, que nos parecen moi ben e nós apoiamos e aplaudimos que se fagan, eses aparcamentos son chamados nun futuro a ser dotacións en canto a instalacións deportivas ou doutra índole, ou de vivendas ou infraestruturas e entón eses aparcamentos en vez de estar a 200 estarán a 400 ou a 500 metros e polo tanto, si podemos manter máis aparcamentos nas propias rúas porqué non facelo? Xa dixemos no anterior proxecto que moitas das obras feitas por vostedes referidas a execución, materiais empregados, planificación son moi mellorables, o paso dos anos, como dixen anteriormente, así o demostran. O casco urbano en zonas onde é imposible compaxinar os peóns cos vehículos, regular, por horarios diarios e tamén mensuais, é dicir, non é o mesmo o verán que o inverno, refírome a poder compaxinar os vehículos cos peóns, fagámolo con sentido e coherencia, unha cousa é de 46 aparcamentos eliminar 15-20 e outra cousa é eliminar 35, así nós non o apoiamos para esta rúa, porque creemos que é mellorable ese proxecto e polo tanto si se mellora ese proxecto seguramente nós non teríamos ningún problema en apoialo pero para iso, como dixen, hai que compartir o proxecto, traballalo e dar opcións de aportar ideas e logo plasmalo nun proxecto. Pódese gañar espazos perfectamente para as persoas e polo tanto para os veciños e veciñas tanto da Esfarrapada e tamén das parroquias que veñen a mercar e a desfrutar do casco urbano, compaxinando cos vehículos e necesidade de aparcar. Nós non vamos a apoiar este proxecto neste momento tal e como está pero si estamos de acordo en seguir mellorando o noso casco urbano igual como as parroquias.

**Sra. Tourón Domínguez:** Como xa o dixen antes, creo que é un espazo que hai que recuperar, que hai que mellorar sempre e cando, insisto, as subvencións sexan destinadas a iso e non se poidan destinar a outras prioridades co cal entendo que calquera subvención que saía para mellorar Salceda hai que aproveitala. Estou de acordo co Concelleiro, sempre e cando saían para iso porque é verdade que moitas veces se perden subvencións porque saen para unha cousa concreta e non hai un proxecto, entendo que iso non o debemos permitir, o noso voto vai a ser a favor pero insisto na necesidade de buscar liñas de financiamento para as necesidades que verdadeiramente ten Salceda.

**Sr. Guerra García:** Nós como temos claro que a actual Deputación non vai continuar co Plan Agora, o temos claro por quen está gobernando a Deputación, entón meterse a un proxecto que logo sabemos que si non é o plan Agora se intentará meter por outras vías en detrimento, seguramente, do que nos pensamos que son outras necesidades máis urxentes neste momento, simplemente criticamos esa situación.

**Sra. Alcaldesa:** Vendo as posicións de cada un dos grupos políticos, permitídemme un par de aclaracións porque ata chego a pensar que somos nós que non o explicamos suficientemente ben ou que as comisións, como dixen antes, son inútiles, cousa que non me aclarou ningún dos portavoces hoxe aquí presentes porque ningunha de estas preguntas se realizou na comisión informativa. Primeiro tanto Santi como Tano mesturan churras con merinas, ou allos con cebolas, porque falar doutras necesidades das parroquias da vila, en servizos sanitarios, en educación que todos e cada unha de nos coñecemos e mesturando cunha subvención que ven



concretamente para redacción de proxecto de humanización da rede Agora, a min non me digades, ou é enganar aos que nos están ouvindo ou por potenciar aquelas necesidades que hai nas parroquias, non se van investir 300.000€. O punto que se trae hoxe aquí é a aprobación da redacción deste proxecto que está financiado no 80% pola Deputación e si hoxe aquí o señor Guerra e o señor Davila non teñen pensado aprobalo esa subvención perderase, non se van a investir estes 300.000€ na vila, que quede claro. Dito isto, a candidatura Ágora é quen determina estes criterios de humanización creo que tampouco se leron o proxecto, non somos nós nin quen quitamos aparcadoiros, nin quen establece o ancho de rúa, son os criterios da rede Agora que por certo, agardo que a Deputación do Partido Popular e confío en que así sexa, siga mantendo esta liña de financiamento, sería decepcionante pero igual optan polo modelo Ponteareas que é eliminar aquelas zonas peonís e priorizar o coche, que agora xa están recuando. Por último, a nosa vila conta con máis de 2.500 pazas de aparcadoiros gratuítas repartidas en 24 aparcadoiros, 21 na vila, 1 en Picoña e 1 no IES Pedras Rubias. Teño que agradecerlle infinitamente a todos os veciños e veciñas que cederan gratuitamente eses terreos para que todos vós e todas nós poidamos aparcar no noso Concello, si Salceda ten un problema de aparcadoiro que veña Dios e que o vexa. Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 299.780,65€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.028,05€ e o presuposto sen IVE a 247.752,60€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0036 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0009 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte*

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 299.780,65€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.028,05€ e o presuposto sen IVE a 247.752,60€.*



**SEGUNDO.** *Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.*“

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta REXEITADA por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) ePSdeG-PSOE(2) E SETE VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6) e BNG (1).

<b>Expediente 2143/2023. Modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do IBI.</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 2, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Na Comisión informativa especial de contas permanente de Economía e Facenda, celebrada o martes pola mañá os votos foron os seguintes: Movemento Salceda votou a favor, PSdeG-PSOE abstívose e o Partido Popular e o Grupo Mixto votaron en contra. Preguntárase a veciñanza porqué motivo traemos de novo este punto de actualización do IBI de 0,40 a 0,50 devolvendo este tipo a situación anterior a COVID-19, logo ademais de adoptalo como medida para que o impacto tras a revisión catastral fora a menor nos bolsillos da nosa veciñanza. Como ben sabedes, ese impacto dos recibos foi promovido pola revisión catastral do Ministerio de Hacienda e hai varios motivos, vou expor só dous, polos que volvemos a traer este punto:

O primeiro, cumprir o compromiso do Plan de Axuste realizado para que o Ministerio de Hacienda nos permitira pagar ás e aos provedores, o documento, ese plan de axuste foi asinado sendo Alcaldesa a Sra. Tourón o 10 de marzo de 2023 e no que se comprometía a actualizar o IBI do 0,40 ao 0,50 e que incumpriu na primeira sesión que tivo oportunidade. Cada trimestre envíanse informes do cumprimento de ese plan de axuste ao Ministerio e esta Alcaldesa que vos fala quere que figure nese informe cales foron os votos en contra desa medida e quen é con claridade ou quen son con claridade os responsables dese incumprimento, non vaia a ser que algún día o Ministerio retire esa financiamento para pagar aos provedores e entón quero que quede claro quen tivo a responsabilidade co seu voto en contra.

O segundo dos motivos para min é moi importante, porque falamos ademais dun colectivo feminino que sofre unha situación laboral moi complexa, son as nosas traballadoras do SAF, servizo de atención no fogar, presentes hoxe neste pleno e que terán a palabra na súa representante sindical ao final desta sesión plenaria, o compromiso do equipo de goberno presentado nunha mesa de portavoces na que estaba o Sr. Davila, a Sra. Tourón e o Sr. Guerra presentes, foi que o importe que suporía esta actualización do IBI serviría para financiar precisamente o IPC dos salarios destas traballadoras, supón 75.000€ no 2024 e 65.000€ no 2025 e o restante case 1.000.000€ en obras de saneamento en inversión durante toda a legislatura, falabades de saneamento, de investir no rural. Trala consulta co persoal técnico, secretaria e interventora, sabemos que os informes que se van a realizadas van ser desfavorables, por iso preciso contar co compromiso dos partidos da oposición e que sexa este pleno quen apoie esa medida. No anterior pleno no que se trouxo o IBI a escusa naquel momento da Sra. Tourón e do Sr. Guerra foi que non ía parello a un plan de redución de gasto,





esa proposta de redución de gasto foilles presentada na mesa de portavocías que antes mencionei, haber cal é a escusa hoxe. O certo é que co Partido Popular de Salceda xa non conto pois nin sequera tivo a amabilidade, a decencia, de asistir a reunión que propuxo a representación das traballadoras para abordar de maneira conxunta un problema e tratar de darlle solución, non se presentou. Se este punto non sae adiante quero que saiban unha cousa, o goberno e esta Alcaldesa fan o seu traballo e cumpren a súa palabra, o falado coas traballadoras que están hoxe presentes aquí e que este punto saía adiante vai a depender da votación que hoxe aquí se realice, a partir de aquí a responsabilidade non vai ser desta Alcaldesa nin do Goberno, a miña misión e a dos meus compañeiros é traer as propostas a esta sesión plenaria e é esta sesión plenaria quen as saca adiante.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Quero empezar lembrando o que pasou no anterior punto. Estamos en minoría, o PP di que quere participar nos proxectos e o Grupo mixto sempre está en contra do que fagamos no casco urbano aínda que estea financiado e que non nos vaia a costar cartos, pero que hai que deixar claro que grazas ao voto en contra do Partido Popular e do Grupo mixto acabamos de perder 16.000€, ou sexa, o Concello acaba de perder 16.000€ da Deputación de Pontevedra porque o PP e o Grupo mixto decidiron votar en contra, que podían absterse e o punto saíría a favor e se aprobaría o proxecto pero non, decidiron votar en contra, co cal, acabamos de perder 16.000€, polo tanto parabén aos Concelleiros e Concelleiras por este favor que lle acaban de facer as arcas públicas.

En canto o punto que nos incumbe, a actualización do IBI xa o trouxemos no pleno de outubro e a exposición é similar, estamos nunha situación similar, só que un ano máis tarde, un período fiscal máis tarde. Hoxe é un bo día para recordar, xa que está de estrita realidade, o tema importante que fixo que o IBI estea en 0,40 foi o proceso de revisión catastral iniciado polo Ministerio de Hacienda no ano 2021, conxuntamente cos Concellos de Salceda, Mos, O Porriño e Bueu, unha norma que basicamente afectou gravemente a Salceda polas Normas Subsidiarias do ano 1997 e que no seu día houbo oportunidade de cambialas e ter un Plan Xeral que hoxe en día estaría aplicado, pero por desgracia todos sabemos como foi a votación. Nese momento o Goberno de Salceda levou a cabo distintas medidas que se entenderon nese momento para axudar a veciñanza, que foron o establecemento dunha oficina con catro persoas para atender, asesorar a toda a veciñanza á hora de realizar as alegacións e reclamacións, bonificacións do 90% para máis de 8.000 parcelas, exención dos recibos de menos de 7€ e a baixada do tipo impositivo do 0,5 ao 0,40 que é o mínimo legal. Hoxe en día en Salceda págase de IBI o mínimo legal, estas medidas tiveron unha influencia de máis 300.000€ de redución nas arcas públicas, deixouse de ingresar máis de 300.000€ por estas medidas, medidas que eran necesarias e que había que facer nese momento, un momento que cos atrasos e cunha carga impositiva superior creo que coincidimos todos en que eran unhas medidas necesarias. Como ben dixemos eran unha medidas necesarias e transitorias e hoxe traemos de novo a actualización do IBI, non pretendemos subir o IBI, como todos sabemos antes do 2021 o IBI xa estaba no 0,50, é máis, o PP no seu día no 2015 o IBI estaba ao 0,53 e eles propuxeron baixar o IBI a 0,50 naquel momento parecíalle correcto que o IBI estivera ao 0,50, hoxe xa miraremos si lle parece correcto ou non. Aproveito, algún valores da contorna As Neves 0,50, Tomiño 0,45 cos valores catastrais do 2009, Salvaterra 0,40 cos valores catastrais do 2004, Crecente 0,50, Gondomar 0,52, Mos 0,54 subido o ano pasado por certo gobernado polo PP, O Rosal 0,58 subido tamén o ano pasado e A Garda tamén gobernado polo PP, subido tamén o ano pasado ao 0,61. Como podedes ver, moitos exemplos de Concellos de distintas cores e distinta índole nos que se paga máis que en Salceda, gobernados por distintas cores e ademais, como ben dixo a Alcaldesa, outra das razóns necesarias é darlle cumprimento obrigatorio ao Plan de Axuste aprobado por





este pleno no ano 2022. Nese Plan de Axuste estimábanse en 175.000€ o incremento de recadación do IBI que como podemos ver nos informes, neste caso será de 248.000€, ademais dunha cuestión de xustiza trátase dunha cuestión de responsabilidade e un punto máis porque ademais queremos deixar claro o noso compromiso, así o dixo a Alcaldesa, e quero deixalo claro eu, esta actualización do IBI vai sen vinculante. Eu penso que todo o mundo ten claro que para aumentar os gastos é necesario ou reducir os gastos ou aumentar os ingresos e agora mesmo o Concello de Salceda ten un orzamento de 5.000.000€ cando a realidade é que o orzamento que necesitamos é de 7 ou de 8 millóns, niso estamos todos de acordo e creo que ninguén o pode rebater, polo tanto, como para aumentar os gastos é preciso aumentar os ingresos, estes ingresos que van aumentar pola recadación do IBI queremos vinculalos directamente, como ben dixo a Alcaldesa, á suba salarial a ese colectivo de traballadores de axuda no fogar e o compromiso de investimento de 1.000.000€ en toda a lexislatura en saneamento, 1.000.000€ directamente para saneamento en toda a lexislatura, é simple, si non podemos recadar máis non podemos facer máis investimentos polo tanto ese é o noso compromiso e esa é a nosa liña de traballo.

**Sr. Núñez Troncoso:** A verdade é que é denigrante que se utilicen aos traballadores para xustificar esta proposta que vostede nos trae ao pleno. Esta é a segunda vez que a Alcaldesa intenta subirnos o IBI un 25%. A primeira vez o intentou fai agora catro meses, eu voume a remitir ao que xa falamos nese pleno que está colgado na páxina web do Concello. Este incremento do 25% vai ser sobre os recibos que todos vamos a pagar do ano 2024 porque a súa aplicación será para o ano 2025, un 25% de urbana, un 25% de incremento de rústica e ata aos galiñeiros lles pretenden subir un 25%, a pregunta é, porqué tanta presa agora, cal é a presa? Si, sabemos perfectamente, que si fora o caso e se aproba, non sería aplicable ata o 1 de xaneiro do 2025, como sempre se fixo outras veces nos últimos dous meses se fixo esta modificación porque agora tanta presa, que é o prioritario para vostedes, Sra. Alcaldesa, subir impostos ou reducir gastos?

Polo que se ve é subir impostos, antes de plantexar unha subida de impostos deste calibre, como mínimo terá que traer uns orzamentos, aquí empezamos a casa polo tellado. Lémbrolle que están traballando cos orzamentos prorrogados do ano 2022. Control do gasto, só hai que mirar os informes de intervención. Sorprendeume que Selene dixera antes, que antes de facer algún tipo de traballo se fai unha previsión de gastos, benvinda sexa esa reflexión que fixo. Licitación de servizos, poñen vostedes como exemplo que cando liciten o servizo de limpeza haberá un aforro de 100.000€ ao ano, e nós nos preguntamos porqué non o fixeron antes?, Licitación de reparación e conservación dos camiños públicos sen ningún tipo de control, aquí o gasto sen ningún tipo de control, as empresas sempre son as mesmas, non piden un orzamento, se lles adxudica a dedo ás mesmas empresas, planificación ningunha e os informes de intervención aí están. Si tanto lle preocupa o Plan de Axuste, porqué non trae todos os incrementos que ten previsto, que vostede aprobou ese Plan de Axuste e que este Grupo votou en contra, porqué non os trae todos xuntos? Ten medo que a veciñanza se alborote. Voulle enumerar o que vostedes aprobaron vai facer agora un ano: incrementar o IBI que prevén un incremento a maiores de 275.000€, revisión das distintas ordenanzas fiscais existente no Concello, revisión de taxas e prezos públicos, reactivar o cobro das taxas polas terrazas 3.700€ a maiores, prezo de entrada piscina municipal 5.380€ a maiores. Contemplaban tamén unha redución do gasto que tamén é importante, contemplaban unha redución do alumeadado público de 150.000€ que se ía licitar no 2023, estamos no 2024 e non se sabe cando se vai a licitar, polo tanto se esperaba cuantificar este aforro no ano 2024 e vai ter que esperar ao ano 2025 como mínimo. Servizo de limpeza, no plan de axuste contemplaban



vostedes 150.000€ de aforro, fai dúas semanas xa nos dixeron 100.000€ despois no 2023 contemplaban un aforro de 37.500€ no 2024, 112.500€ e como está sen licitar de aforro nada de nada. Partidas presupostarias de pavimentación de vías públicas, creo que as vías públicas sobre todo no rural todo o mundo sabemos como está cheo de fochancas, pois aí van a reducir 70.000€. Subvencións a traídas de augas, esta foi unha medida que se tomou fai tres-catro anos había unha partida de 30.000€ para as traídas de augas e agora se reduce a 20.000€ consideramos totalmente inxusto. Quero lembrarlle á Sra. Alcaldesa que as traídas de augas parroquiais fan unha función que a debería facer o Concello como é o de dar servizo de auga aos veciños. Iso si, neste plan de axuste da redución en publicidade e propaganda que está orzamentado dende o ano 2022 en 95.000€ non se sabe nada, aí non se lle toca, os famosos vídeos, entre outros, os vídeos propagandísticos dirame vostede que aí van as axudas aos deportistas, xa llo dixemos por activa e por pasiva, que creen unha ordenanza para dar axudas a deportistas, sobre todo a deportistas minoritarios, e seguramente vamos a chegar a un acordo pero non lle interesa, porque así é a escusa para gastar máis en publicidade e propaganda. Nos pasaron este panfleto e aí contemplan investir no SAF 75.000€, en saneamento 1.000.000€, será con fondos doutras administracións porque con fondos propios o dubido, non temos nin para pipas e van a gastar un millón de euros de fondos propios en saneamento, iso non o cree nin vostede. ICIO, imposto sobre construcións, instalacións e obras ese tamén o pretenden incrementalo, o lixo vai propor incrementalo no casco urbano en 65€ a 80€ e nas vivendas do rural de 40,60€ a 65€. Mire, con nós para isto non conte, non sei os demais compañeiros da oposición pero con nós non conte, primeiro aplíquese o conto e empece a reducir gastos.

O Plan de axuste lle quero lembrar que o aprobaron vostedes e a este Grupo, por aquel entón, ninguén lle dixo para plantear outro plan de axuste, porqué fixeron ou aprobaron ese plan de axuste e non outro? Porque non contemplaron reducir a partida de publicidade e propaganda? Di vostede Sr. Alejandro que o orzamento de Salceda tiña que pasar de 5 a 7-8 millóns a conta de quen? porque non plantea facer un plan de redución de gastos primeiro e ninguén está dicindo que non hai que pagar impostos, claro que hai que pagar impostos pero os xustos e xestionalos ben non despilfarro que é o que está pasando neste Concello.

**Sra. Alcaldesa:** Aquí entre o público hai xente que ten necesidade de saneamento en Cerquido, xente que ten necesidade de saneamento na Presa, xente que ten necesidade de saneamento en Picoña e están as traballadoras do SAF das que tampouco lle debe importar demasiado o que acabo de dicir, volvo a repetir, o que se recaude do IBI vai directamente a incrementar os salarios das traballadoras do servizo de axuda no fogar e 1.000.000€ directamente a investimento a saneamento, quedou claro ou no, debeu quedar claro porque o Sr. Joaquín non o ten moi claro, ademais de iso, me parece ata unha falta de respecto que fale tras pleno de publicidade e propaganda, hoxe hai aquí un medio de comunicación e nesa partida de publicidade e propaganda hai convenios con moitos medios de comunicación como hai en moitos Concellos, me pode dicir aquí cal eliminaría?

**Sra. Tourón Domínguez:** O que lle pediría a Sra. Alcaldesa é que deixe de facer chantaxe á oposición, porque o que acaba de facer chámase chantaxe en maiúsculas e que encima xogue nesa chantaxe co traballo, coas retribucións das empregadas de axuda no fogar, porque me parece moi triste hai un montón de formas de facer política sen coller ese camiño. Nos están intentando dicir que cun incremento que eles valoran con 236.000€ do que queda de legislatura así por arriba 236 por 3 son sobre 700.000€, con eses 700.000€ van investir 1.000.000€ en saneamento, para un planfeto electoral está ben, ademais dese millón de euros



en saneamento vai pagar 75.000€ máis no SAF no 2024 e 65.000€ no 2025 e outros 65.000€ no 2026, a min as contas non me dan, creo que nun programa electoral colle calquera cousa pero aquí nun pleno me parece que é vergonzoso.

Gustaríame que me explicase cal é o método económico para garantir que os 236.000€ vaian exactamente para saneamento e para a axuda no fogar e non vaian para o caixón da débeda que hai, ao mellor vamos a caer nesa demagogia de que cada semana a min me chaman uns dicindo que me di a alcaldesa que se aprobas o IBI me da tanto, me chama a Alcaldesa que si aprobas o IBI fai non sei o que, a min que me explique como van a facer as cousas porque os números non dan. Paréceme unha broma ademais de moi mal gusto, porque non se pode xogar con necesidades tan importantes como vostede mencionou hoxe, ademais, voltamos ao mesmo, me está recordando esta legislatura a algunha que vivín con Gela na oposición, o Alcalde naquel entón traía ao pleno unha vez, dúas veces, tres creo recordar que algunha cousa ata catro, a ver si a oposición por aburrimiento aprobabamos. O que trae hoxe aquí é exactamente o mesmo que trouxo no mes de outubro e contas ningunha, porque no mes de outubro o Partido Socialista xa lles dixo que había que traer uns orzamentos ou polo menos había que traer ingresos e gastos, porque o Plan de axuste que aprobamos e que acordamos nun equipo de goberno formado por Movemento Salceda e Partido Socialista foi aumento de ingresos, redución de gastos e aínda non mirei un euro en redución de gastos. Dixémoslle tamén que non ia atopar o apoio do partido socialista si só tocaba os bolsillos da xente e non tocaba a redución de gasto do equipo de goberno, iso non é ir en contra do plan de axuste porque eu quero preguntarlle que trimestralmente, eu non o sabía, ao mellor debería informar a oposición nesas comisión informativas que nos abstemos porque a maioría das veces non informan do que teñen que informar, que cada tres meses envían un incumprimento do plan de axuste ao Ministerio, gustaríame saber si nesa contestación ao plan de axuste envían vostede esta redución de gastos que tamén teñen que enviar ou só envían non cumprimos o plan de axuste porque non nos aproban o IBI?

Vólvolle a repetir por si non queda claro, o punto de encontro do Partido Socialista para cumprir ese plan de axuste é efectivamente o que firmamos nese plan de axuste, incremento de ingresos – redución de gastos porque era unha necesidade e si que hai que cumprila pero hai que cumprila por ambas partes, é dicir, aumento de ingresos – redución de gastos. Póñanse a traballar, traian un orzamentos ou traian polo menos algo que nos indiquen que traballaron e non fixeron cinco frases nun documento do word como un documento de redución de gastos xustificando o que nós lle pedimos no mes de outubro, porque isto non nos vale, pero é que non nos vale a nós nin a ningún creo que lle valería a ningún grupo da oposición. Volvo a insistir, xa basta de gobernar cun cinismo habendo aprobado certas cousas e discutido certas cousas, abonda de gobernar con cinismo e coa lei do mínimo esforzo e póñanse dunha vez a traballar e traían uns orzamentos a este pleno.

**Sr. Guerra García:** Polo que entendín, xa o manifestou así tamén na Comisión, polo que entendín a Sra. Castiñeira non trae isto para que se aprobe, entendín que traen isto para xustificarse fronte ao Ministerio de Facenda, o manifestou así na Comisión cando eu preguntei cando se traía isto de novo e coa mesma documentación do pleno de outubro, dixo que simplemente quería xustificar fronte ao Ministerio porque non se cumpría o plan de axuste, no próximo informe Sra. Castiñeira, poden engadir unha apartado dos malos, quen son os malos neste Concello e entón poña que non sendo o equipo de goberno poña o resto, somos os malos os que non lle aprobamos o que vostede quere. O vitimismo esta raiando un nivel alto. Si vostede se atreve a dirixirse ao persoal do SAF e dicir que a súa situación depende de que a



maioría aquí aprobo unha subida da contribución, dígalle tamén ás escolas deportivas que non teñen papel hixiénico nin servilletas para secarse de que iso é tamén porque non aprobamos a contribución, dígallo. O 22 do mes pasado as escolas deportivas mandaron aos grupos desta Corporación un prego de necesidades e acaban dicindo que non hai papel hixiénico. Entendo que si simplemente é para xustificarse fronte ao Ministerio case sobre o debate, haber como xustifica vostede unha suba da contribución que vai ter efectos no 2025, que iso lle vai solucionar setenta e algo mil euros no problema do SAF no 2024, explíquenos iso, non o damos entendido, a parte de que vostede mudou o acordo que tomamos na Alcaldía coa representante sindical do SAF e non informou posteriormente do que vostede decidiu. Aí nesa mesa se propuxo que a empresa si non tiña a prorroga a partir de agosto, a empresa solventaba co persoal as diferenzas económicas si chegaban a un acordo. Vostede logo aparece dicindo que lle vai compensar con 70 e algo mil euros este ano, iso non estaba no que aí dentro se falou o que logo vostede, a partir de aí, faga e desfaga e non informe é cousa súa.

Se quere falar das finanzas deste Concello, da situación económica deste Concello, claro que temos que falar de reducir gastos, este problema non ven de agora, nin ven de catro, nin de oito anos, ven de bastante máis, ven dunha actuación municipal de quen dicía “pa diante que quen veña atrás que arree” e isto sigue, isto é unha escola e vostede é de esa escola, Sra. Castiñeira, o que veña atrás que arree. En todos estes anos os preitos que este Concello ten mantido co seu propio persoal, pero non preitos nos xulgados de aquí non, preitos ate o Supremo, ate a instancias superiores, iso indubidablemente son gastos e case sempre para ter a mesma sentenza de orixe. Logo vamos a ter ocasión de falar desa restrita de facturas que se nos pasa, un parte pequena do que hai pendente do ano pasado, pero que a veces cando se fala de publicidade nós procuramos saber cal é a fórmula para que vostede sexa tan activa nas redes e a fórmula é ao mellor saber canto cobra o grupo “La Formula” que os presenta a vostedes en dopaxe electoral no mes de maio do ano pasado? Nos gustaría saber ese tipo de cousas. Os asesores externos que ten este Concello como si non tivese técnicos solventes, o da publicidade case sempre para mellor gloria da Sra. Castiñeira, me gustaría ter desglosados os custes e os gastos en publicidade porque a verdade é que vexo que hai algúns medios que coa Sra. Castiñeira é todo encomios, hai opinadores por aí que a poñen a vostede altísimo aínda que non lle faría nin feo que entrara o Partido Popular porque é xente que lle gusta a pasta, pero ao mesmo tempo ten ideoloxía, de verdade que todos sabemos do que falamos aínda que non necesitamos dar nomes, e eu, como o Sr. Rodríguez Canosa falou de que no 2021 se arbitraron unhas bonificacións, aquilo foi os saldos, as migallas do golpe do catastrazo, aquilo de que bonificacións, os recibos de 7 € que non vaga a pena pasalos, etc.... e se sigue vendendo iso como que aquilo foi un lapsus, incluso se falou da COVID, cando a COVID foi no 2020, deuse unha baixada e agora hai que repoñer a situación ao sitio que estaba. Nós botámoslle un reto, Sra. Castiñeira, poñamos os valores catastrais como estaban antes do 2021 e nós vamos a repor o 0,5 da contribución como estaba naquel momento e partir de aí vamos a falar do imposto e de como revisamos a situación impositiva que hai neste Concello, que os das parroquias estamos pagando o que se lle baixou a Esfarrapada, Sra. Castiñeira non se esqueza de ese tema.

Si todo isto que falamos vale de pouco porque para vostede o único que conta é o informe que ten que facer esta semana ao Ministerio de Facenda non se esqueza de nomear quen somos os malos da película.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Curiosas palabras que se escoitan hoxe neste pleno, vitimismo, chantaxe e outras como que sobre entenden como amnistía fiscal que lles gusta ao Partido Popular e





que el faría si estivera no goberno, curiosamente cando vostede era Concelleiro na época do boom inmobiliario na época na que entraban cartos a raudales non había que facer control de gasto, así calquera goberna.

Di porque temos que aprobar isto agora e non en outubro, e eu pregunto porqué hai que esperar, porqué as ordenanzas fiscais é obrigatorio aprobalas a partir de outubro? Canto antes teñamos a certeza de que vamos a aumentar os ingresos antes lle podemos dar unha resposta ás traballadoras do SAF, por exemplo. Falabades tamén, tanto o PP coma o PSOE, de traer un orzamento, entendo Joaquín que coa túa experiencia en temas económicos, penso que para facer un novo orzamento primeiro haberá que actualizar as ordenanzas fiscais para poder aplicar esas actualización fiscal no novo orzamento, senón en que nos vamos a basear para dicir que vai a aumentar a recadación do IBI, en qué? Primeiro se modifican as ordenanzas fiscais para poder aplicalas nun novo orzamento, outra cousa é unha modificación orzamentaria, curiosamente cousa que dicía Salustiano, tranquilo Salustiano, si se actualiza o IBI e si se pode aplicar ese IPC as traballadoras do SAF, tranquilo que se traerá a este pleno a modificación orzamentaria correspondente para que garantir iso, non se vai facer así como vostede di. Joaquín o luns acabou o prazo para a contratación do IDAE, iso xa está feito, e me vou a centrar en Dr. Jekyll e Mr. Hyde que dicían que eran estas personaxes o que dis cando estás na oposición e o que fas cando estás no goberno, Verónica isto non é chantaxe é a realidade, vostede mellor que ninguén sabe que para afrontar os gastos hai que aumentar os ingresos, dicía que nos valoramos o incremento en 236.000€ que é folla de papel mollado, non, é o informe de intervención que está no expediente o que di esas cousas, ao igual que os que envían as cousas ao Ministerio non somos nós, é a Sra. Interventora Municipal que fai o informe que o envía ao Ministerio e a Sra. Interventora porá o que teña que por segundo o seu criterio. Dicía que de outras cousas non pero que de contas sabía, contas como as do obradoiro que pretendía executar unha reforma integral dun edificio valorado en 300.000€ con 40.000€ de material e que ían a facer os alumnos do obradoiro, esas son as contas de Verónica Tourón, que no anterior obradoiro aos cinco meses de comezar o obradoiro xa quedara sen un só euro de orzamento, debía ser que tiña que apurar o período electoral para gastar o ingastable no orzamento. Lémbrolle en cinco meses o obradoiro quedou sen orzamento e entendo que tiña pensado repetir o mesmo neste obradoiro actual. A cuberta de Picoña houbo que sufragala con fondos propios, recórdolle, non sei de onde ia a sacar os cartos para o obradoiro, saberá de emprego non o nego, é unha area que non domino ao igual que non domino moitos outras, pero agora de contas creo que demostrou sobradamente que tampouco entende, porque hoxe dous puntos despois veremos as facturas que sen van a aprobar que se quedaron sen pagar veremos cantas facturas hai do obradoiro, cantas facturas hai das áreas do Partido Socialista, de que tanto loaba doutro xeito de gobernar xa o veremos, porque ao final está claro, si a principio de ano gastas de máis porque veñen as eleccións nas vosas áreas evidentemente o resto do ano non hai mas para gastar.

As cousas son claras, si queremos aplicar investimentos, si queremos aplicar a suba as traballadoras do SAF, hai que aumentar os ingresos non nos queda outra. Falamos de diminuír gastos, falamos cando cheguemos ao REC, digan que gastos de eses do REC non están aplicados. Verónica dígame que gastos reduciría, cando vostede foi Alcadesa si aplicou e se negou a reducir, o plan de axuste foi unha imposición súa, lembro perfectamente a reunión na que se negou a que se aplicara unha redución do gasto de educación, e lembro perfectamente que o que se reduciu non é o orzamento, o orzamento nunca se modificou a partida presupostaria de educación segue igual, o que se pretendía reducir era o sobre coste que fixera a súa compañeira, de máis de 150.000€ que gastaron sen telos, iso é o que se pretendía reducir





e non a partida orzamentaria.

**Sr. Núñez Troncoso:** Dicía vostede que volvemos co saneamento dicía un millón de euros, creo que iso non o cree ninguén, con fondos propios non o cree ninguén, un millón de euros para saneamento e para incrementarlle ás traballadoras do SAF, iso é imposible e vostede o sabe. Vostede lle comentou ás traballadoras do SAF que contan co noso apoio para o que sexa pero non lles engane, vostede lle dixo que esa previsible recadación do IBI non entraría neste Concello, como mínimo, ata o último trimestre do 2025? Sr. Guerra cando se dirixa ao nós, aos do PP, que lles gustan os cartos, creo que é un comentario que sobra, sexa vostede máis elegante e non faga ese tipo de comentarios porque eu tamén podería facer do BNG outros e non os fago. Sra. Verónica, Sr. Tano, Sra. Gela, vostedes foron quen nomearon este goberno e a esta Alcaldesa, vostedes saberán o que fixeron. A nosa posición como xa dixemos ao principio é en contra de aplicar a subida do IBI.

**Sra. Tourón Domínguez:** Contéstolle rapidiño ao PP, creo que fun clara no pleno de investidura que non me gustaba ningunha das opcións que había, de momento o PP non demostrou que o podía facer mellor. Voulle recordar simplemente facendo alusión a un panfleto que quitaron en campaña electoral coa foto miña, sendo Alcaldesa, e Loli Castiñeira, degradando e cheo de mentiras aí xa me deu a entender que ao mellor non o farían mellor, igual é o mal menor, o tempo o dirá.

Voulle explicar o dos obradoiros, os obradoiros non cubren todos os gastos de materias pero iso sábeo calquera que solicita un obradoiro, ou vostedes non atopan no obradoiro algo máis que cubrir os materiais? Vólvolle a repetir as titulacións das persoas, do alumnado – traballador que saen dese obradoiro son importantísimas para a veciñanza ao mellor a Concelleira de emprego, daquela época que foi Loli Castiñeira, nin sequera se lle deu por mirar o que eran os obradoiros e a quen podían beneficiar, porque non se solicitou ningún naquela época. Dan traballo, moitísimo, a quen os xestiona, pero os obradoiros non cubren os materiais non intentemos confundir a veciñanza, o obradoiro é basicamente e sobre todo para o alumnado e as memorias están feitas por técnicos que non están feitas porque Verónica sumou dous máis dous e lle dan 36, claro que están supervisadas pola Concelleira de Emprego que era naquel momento eu e lle pode asegurar que das melloras memorias que vin, o que pasa é que ao mellor hai que entender do que falamos, e claro que non os cubre pero é que ningún obradoiro os cubre.

Volvo a repetir o acordo ao que se chegou firmando ese plan de axuste en todo o equipo de goberno era o aumento de ingresos e diminución de gastos. Traian un orzamento, sentémonos a falar dun orzamento con ingresos e con gastos, non que segundo nos levantemos pola mañá quitemos da chistera unha medida a levemos a pleno e como dicía o compañeiro Tano, nos diga xa na Comisión, que ela sabía que seguro que ian a votar en contra pero é a ver si pode xustificar ao Ministerio que non se cumpre co plan de axuste. Por certo, xa lle digo que na reunión de portavoces e na reunión co SAF non acordamos iso que vostede quitou despois, acordamos que o contrato de licitación eran tres anos máis un, que en agosto se termina o contrato e o que se debería facer era quitar a licitación e non prorrogar o contrato para que as empregadas da SAF cobraran ao día e cobraran un prezo xusto, iso foi o que se dixo, e dicir o contrario é unha das bases deste goberno, de cinismo, non é certo. Volvo a insistir, pónase a traballar, deixen a lei do mínimo esforzo, traian orzamentos aquí de gastos e ingresos e poderán chegar a un punto de encontro co Partido Socialista.



**Sr. Guerra García:** Primeiro aclarar ao señor Joaquín que non me entendeu, cando eu falei, chámolle corsario das ondas porque da a opinión falando mal duns e ben doutros e entón xa sabemos de onde cobra. Dixen que a parte dos cartos teñen ideoloxía por iso non lle importaba que estivera o Partido Popular gobernando, non dixen que a xente do partido popular lles gustara os cartos que seguramente nos gustan a todos.

Como a Sra. Castiñeira puxo unha cara estraña cando falei do papel hixiénico das Escolas deportivas vou ler o que mandaron as Escolas Deportivas o 22 do mes pasado *“Pavillón municipal, conserxería, apertura e peche, mantemento do pavillón e pista, atención a los visitantes, control de acceso, montaxe das pistas para os partidos, habitualmente non hai papel hixiénico, toallas de papel nos baños”*. Que quede claro que non me invento nada, cando acabe o pleno poden dicir que non van ter papel hixiénico porque non lle imos a aprobar a contribución. Sr. Canosa, eu non falei de orzamento, sería o lóxico cando se trae unha modificación fiscal do tamaño do IBI, eu non pedín porque a parte de telo pedido noutras ocasións, cada vez que falamos de impostos, porque a Sra. Castiñeira deixou claramente a que se debe traer isto a este pleno, non a debater si vai ser o 0,5, que sabe que non, simplemente é para xustificarse fronte ao Ministerio.

**Sra. Alcaldesa:** Tano e Verónica, non dixen iso é mentides, igual que mentides co acordo coas traballadoras que xa teremos oportunidade de aclaralo.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Respecto ao obradoiro, Verónica, non hai por onde collelo, non podes pretender facer 300.000€ de obra sen pagar materiais, e entón dis que non cubre os gastos, vale, é onde está a outra partida orzamentaria de gastos de fondos propios para cubrilos? que pretendes, deixamos as obras sen facer ou a medias como a escola de Picoña, si ti seguiras de Concelleira que ias a facer? O tellado da escola sen facer e os rapaces ían estar na escola e caendo auga por arriba. Verónica, un pouco menos de cinismo e deixa de mentir e de xustificarte, si queres dar clases mellor que as prepares porque así non as podes dar porque xa nos deches unhas clases maxistrais unha vez que foi na reforma dos Estatutos do Consorcio que antes de vir a este pleno ti aprobaches no Consorcio, agora no último resmoeparto do remanente do Consorcio que era de 1.000.000€ sabedes canto lle tocou a Salceda? 91.000€, antes da túa magnífica actuación, da túa magnífica votación a favor de cambiar os Estatutos alí no Comité do Consorcio antes de que este pleno o referendara, o que recibía o Concello de Salceda era máis ou menos a mesma parte que todos, por ese acordo tácito que había no Consorcio que era 250.000€, gracias a ti a túa actuación maxistral no Comité no Consorcio do Louro hoxe Salceda queda relegada ao ostracismo dentro do Consorcio de Augas do Louro e para o ano en vez de 90.000€ será 80.000€ e mentres, Porriño seguirá engordando e seguirán os seguintes anos 70.000€. Xa falaremos en 2027 cando remate a legislatura que porcentaxe de participación ten o Concello de Salceda, polo tanto moitas gracias por esa perda de diñeiro que non podemos investir no saneamento. Evidentemente si queremos investir no saneamento xa que perdemos o do Consorcio do Louro polo menos teremos que aumentar os ingresos para facer fronte a ese investimento. Claro que vamos a petar noutras portas e claro que vamos a buscar financiamento como na Confederación Hidrográfica, por certo, a senda de Entenza aquel maravilloso acordo que firmaches estou vendo onde está, aquela foto que sacaches co presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dicindo que se ía a arranxar a senda de Entenza, que se ía a facer un novo tramo, non sei onde está, me da que foi simplemente a foto para intentar arañar catro votos, así como utilizabas ti a Alcaldía arañando votos, pedindo favores entre o partido e ao final evidentemente cando non se conseguen as cousas botáselle a culpa ao outro grupo ou dise que Movemento Salceda eran malísimos. Verónica nós nunca



diremos que eras malísima, nós tiñamos os nosos máis e os nosos menos, o que vou dicir é que eras un pésima xestora e eras moi mala xestora, iso é o que deixa clara as túas actuacións.

**Sr. Nuñez Troncoso:** Hai partidas de sobra, é de feito xa as numeramos antes, eso que vostedes aprobaron do Plan de axuste, de redución do gasto si foran dilixentes e o houberan aplicado xa no ano 2023, agora terían partidas de sobra para incrementar ás traballadoras do SAF, agora no 2024 iso que vostedes aprobaron de redución de gasto non se vai a notar, e xa veremos no 2025. En canto ao da amnistía fiscal, que dicía Álex, nós nunca dixemos que queriamos a amnistía fiscal, xa o dixen ben claro antes, impostos temos que pagar todos pero hai que pagar os xustos e xestionalos ben porque saen do bolso de todos os veciños, e non un despilfarro. Xa o dixi antes Tano, canto gastaron en contenciosos co persoal deste Concello, miles e miles de euros, para ao final acabar na primeira instancia, a maioría foron ao Supremo, algúns en primeira instancia, persoal laboral fixo indefinido en primeira instancia e aí quedou, segundo o careto que teña a persoa de turno, recorreremos a máis instancias ou non, aí miles e miles de euros aí tirados, algún día traeremos unha relación completa de todo o despilfarro. Despois é moi fácil vir e subir os impostos aos veciños, non nos paramos en reducir o gasto en controlar o gasto.

**Sra. Tourón Domínguez:** Vou ser bastante máis educada do que acaban comigo, non sei si pretendía Movemento Salceda limpar a xestión económica que tuvo, a xestión económica sempre estivo en máns de concelleiros de Movemento Salceda a ver si quería limpar a nefasta xestión coa que fixera a Alcaldesa, Verónica Tourón en dous anos, pero como lle dixen antes non lle vou a faltar ao respecto como vostede me fixo a min, só lle vou a dicir unha cousa, o tempo porá e quitará razóns.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que cada portavoz xa manifestou a súa intención de voto, Partido Socialista, PP e BNG van a votar en contra, Movemento Salceda votará favor. Creo que por deferencia ás traballadoras do SAF que están hoxe aquí e que no punto seis que era o da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valores e terreos de natureza urbana e onde este goberno pretendía unha redución deste imposto, dicir que na Comisión xa tanto o BNG coma o PP mostraron a desconformidade tamén da redución da baixada deste imposto de plusvalías o PSOE abstívose, xa anuncio que este punto se vai a retirar da orde do día si o do IBI non sae adiante, non se pode ter reducións de impostos cando por unha vía, ademais comprometida nun plan de axuste, neste caso coas traballadoras aquí presentes pretendíamos ingresos. Non acepto que se fale de chantaxe porque che pode gustar máis ou che pode gustar menos pero esta mulleres aquí presentes e as que estaban na reunións saben perfectamente de que se falou e dende o principio, cales eran os condicionantes e cal era a situación, non vou aceptar que alguén fale de chantaxe cando eu puxen as cartas boca arriba dende o principio e non xoguei con elas, só propuxen solucións. Dou lectura a proposta de acordo, seguinte:

*“Visto que na sesión plenaria do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 10.03.2023 adoptouse o acordo de adhesión ao Plan de Pago a Proveedores e a aprobación dun Plan de Axuste para o Concello (Expediente G 492/2023).*

*Visto que entre as medidas adoptadas no Plan de Axuste, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 10.03.2023, atópase o incremento dos ingresos establecendo como primeira medida o incremento dos tipos impositivos do imposto de bens inmobles (IBI) fixándose no 0,50% tanto nos bens inmobles de carácter urbano como nos de carácter rústico.*



Visto o disposto no informe de intervención núm. 2024-0036 emitido en data 16.02.2024.

Visto o disposto no informe de tesourería núm. 2024-0033 emitido en data 16.02.2024. Visto o informe de Secretaría núm. 2024-007 sobre o procedemento a seguir.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para a modificación do tipo impositivo actual do 0,40%, fixando o tipo impositivo nun 0,50%, quedando o artigo 2 redactado do seguinte xeito:

## ARTIGO 2

2.1 'Tipo de gravame: Acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:

- Bens urbanos: 0.50 %.
- Bens rústicos: 0.50 %

2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,50% a todos os inmoables cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00euros.

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto."

**VOTACIÓN: A FAVOR 4 MS, ABSTENCIÓNS 2 PSdeG-PSOE, EN CONTRA 7 (6 PP e 1 BNG).**

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta REXEITADA por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), SETE VOTOS en contra PP (6) e BNG (1), e DÚAS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(2).**



**Expediente 403/2024. Modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

<b>Non hai acordo</b>	<b>Motivo:</b> Retirado da orde do día
-----------------------	--

#### Resolución:

A Sra. Alcaldesa expón que o punto queda retirado da orde do día ao abeiro do artigo 38.1 do ROM, polos motivos expostos no punto anterior.

<b>Expediente 334/2024. Aprobación de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2024</b>
<b>Favorable</b>
<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
A favor: 6, En contra: 6, (Dirimido o empate o voto de calidade da Alcaldesa na segunda votación)

#### Resolución:

**Sr. Rodríguez Canosa:** O recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento que permite imputar facturas a outro exercicio diferente cando non existe dispoñibilidade orzamentaria. No caso que nos ocupa, traemos facturas do ano 2023 que no momento da súa aprobación non contaban con crédito nas partidas orzamentarias correspondentes, polo que agora mesmo cun novo orzamento en vigor esas partidas xa están dotadas de crédito e polo tanto creemos que é de xustiza realizar o pago aos provedores. Un expediente que conta coa proposta de Alcaldía, con informe de intervención e a listaxes das diferentes facturas que se pretenden aprobar. En total estamos falando de 1.410 facturas por un importe de 1.210.363,32€, dependendo da vinculación da que tratemos falamos de facturas de gasto corrente dende marzo de 2023 ata o 31 de decembro de 2023. Cabe tamén salientar que hai unha pequena listaxe de facturas que son do ano 2022 e son facturas que estaban incluídas no mecanismo de financiamento das Entidades Locais do Ministerio de Hacienda pero que non foron pagadas porque as empresas non aceptaron o pago mediante ese mecanismo.

Por facer un pequeno resumo, no apartado de enerxía podemos atopar 527 facturas por importe de 134.000€, no apartado de lixo hai 44 facturas por importe de 186.412€ e no apartado de limpeza podemos comprobar que hai 61 facturas por importe de 148.150€, facturas de servizos e subministros xa realizados e que toca pagarlle ás empresas e aos provedores e sobre todo tendo en conta a situación actual do Concello, estamos falando dun REC de 1.200.000€ cando nas contas bancarias do Concello contamos con 2.200.000€ polo tanto non habería problema en realizar o pago xa no día de mañá. Quero aproveitar tamén para agradecer e encomiar o traballo que fan sempre aos departamentos sobre todo o de intervención, ter o expediente listo, un expediente que é sinxelo de procedemento pero moi complexo de preparar con moitos listados de facturas e que non se fai nin se prepara en dous días.

**Sr. Núñez Troncoso:** Sr. Concelleiro de área, vostede quedou de aportarnos unha





documentación, que aparte destes 1.200.000€ do que quedaba aínda pendentes do 2023, pode dicirnos canto é ou non ten ese dato? Este recoñecemento implica que do orzamento que ten o Concello de cinco millóns de euros, 24.000€ hai que destinado a isto, a facturas do 2023 e o que quedará, do gasto corrente, que non dixo nada o señor concelleiro de área, que hai consignados 2.700.000€ aproximadamente pois un 44% xa o temos que retirar do orzamento de este ano, para pagar estas facturas que deixaron sen pagar no ano pasado e a parte o que quedará. Vostedes se dan conta da situación económica na que está o Concello? Nos di agora que ten diñeiro para pagar, pero si esa cantinela nola están dicindo ano tras ano e chegando a esta época sempre pasa o mesmo, “Salceda apura a sus proveedores para no deixar sin paga ninguna factura”, isto publicaban vostedes en maio do ano pasado, “Pereira, a anterior Concelleiras, se despide de Hacienda pagando la deuda”. Se pagaron a débeda como é posible que despois de gastar 2.700.000€ do orzamento do 2023 prorrogado do 2022, encima diso 1.200.000€ e o que restará? Como é posible iso? Que control de gasto é este? Vostedes falan con intervención para facer unha consignación de gasto para un traballo? Non, porque aí están os informes de intervención que así o din. Mire, este expediente, 1361 facturas que deixaron sen pagar e o que resta. Repito, lle deben á empresa de reparación de conservación a unha 143.000€, outra 72.000€, a empresas de limpeza a unha 84.000€, outra lle deben 44.600€, a gasoliñeira, lembren que vamos a Porriño, 22.500€ se lle deben a de Porriño e a de Salceda que deixaron de traballar con ela no mes de xullo do ano pasado aínda se lle deben facturas do mes de abril por 1.360 €. A Sogama polo tratamento do lixo 86.000€, a unha empresa de desbroce 10.500€, incluso ata lle deben os vídeos propagandísticos dos tres últimos meses, 4.500€, iso si, á orquesta “A Fórmula” cobrou, lle anticipo que foron 14.000€, usámola en campaña a conta dos servizos deste Concello, resulta que actúa a orquesta o luns do Cristo e aínda lle fan o contrato menor o 30 de novembro, cinco meses tarde, iso é xestionar o Concello?

Lle vou a ler o que di o informe de intervención: *“Cómpre, en fin, sinalar que se dan por reiterados en este punto os reparos emitidos por esta intervención respecto de distintos gastos de carácter reiterativo e que fan referencia, en especial, á carencias de contratos para servizos ou subministros, que pola súa natureza e carácter reiterado non poden ser considerados como contratos menores”*. Ou sexa, incumprimento da lei de contratos, se fraccionan os contratos sobre todo de reparación e conservación: *“Por último, advírtese que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademais de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación de expedientes”*. Ou sexa, que se pagan unha facturas antes que outras, así funciona o Concello.

**Sra. Tourón Domínguez:** Xa no pleno anterior no que trouxo o REC que tamén estaba incluído no Plan de Axuste, xa fixemos a advertencia de que non sempre ia ser unha carta en branco o apoio do PSOE no pago de facturas. Entendo que o equipo de goberno, naquel momento, fixemos unha plan de axuste para poder solucionar a situación do Concello, esa nota de prensa a que fai mención o compañeiro do PP, facía referencia a que se deixaba todo pagado ata o mes de marzo. Creo que hai que mellorar as cousas e creo ademais que non deberían alongar esta situación continuamente no tempo, porque como lle digo non vai a atopar seguido o apoio do PSOE e ademais tamén lle pediría que trataran a todos os provedores por igual, independentemente para que área traballaron no seu día. Antes a Sra. Alcaldesa dicía que iamos ás Comisión informativas a abstermos na maior parte dos asuntos, sen estudar os temas e demais, o certo é que moitas veces hai que absterse porque a maioría das veces nos falta documentación e de feito, nos segue faltando a día de hoxe neste pleno a que se solicitou na Comisión. Antes preguntáballe ao compañeiro do Partido Popular canto había de



inversión, a min preocúpame realmente canto se gastou dende o 1 de outubro ata o 31 de decembro que non ven nesta relación de facturas. Creo que hai que empezar a gobernar para todos e para todas e sobre todo que haxa transparencia nas contas que foi a base do acordo que tuvo Movemento Salceda, BNG e PSOE para investila como Alcaldesa.

**Sr. Guerra García:** Sabemos que hai xente que cobra, sabemos que hai outra moita que non, aquí déronse unhas cantidades importantes que se lle deben a algúns provedores de servizos, a min gustaríame para aproveitar para que a xente soubese que por exemplo, á traída de augas de Parderrubias se lle deben 1.300€ pero algúns recibos de marzo do ano pasado, e que facturas de 50€ a unha ferraxería de aí arriba de marzo do ano pasado, facturas de 24€ a un comercio de aquí da praza de abril do ano pasado. A parte de todo isto temos un total descoñecemento do que queda por pagar e estamos falando de que de marzo a decembro do ano pasado se pon aquí arriba da mesa para pagar e eu non dubido da urxencia de pagar isto porque os provedores deste Concello xa teñen tamén callo e saben que cando fan o servizo ou prestan o servizo, ao cobro lles meteran o recargo que consideren porque senón non lles compensa. A cuestión é que o Goberno local non nos da información do que falta aquí, soamente nos pon diante co recoñecemento a relación de facturas que quere aprobar, nos está dicindo que pechemos os ollos e ergamos a man cando se di votos a favor, iso é o que nos está pedindo goberno local. Con todos os dereitos que teñen estes provedores de servizos a cobrar, que xa debían estar todos liquidados, tamén nos cabe a posibilidade de dicirlle a este Goberno Local chega, abonda, non podemos seguir así, e que isto xa se mirou hai catro anos, hai seis anos, hai oito anos é da vella escola que falabamos antes. Algúns nos preguntamos para o ano que ven que nos van traer e iso que aínda estamos en febreiro do 2024 e pretendemos que se paguen parte das facturas do 2023, onde vai parar o Goberno Local? Onde vai facer un alto e dicir plantemos aquí e empeceamos a mudar determinadas cousas? Esa é a pregunta, e o que corresponde cando o que se nos pon diante non ten nin pes nin cabeza, só fai fala ver os informes técnicos para botarse as mans á cabeza e o peor non é o que temos diante o peor é o que non sabemos.

**Sra. Alcaldesa:** Sr. Guerra a pregunta é si a van querer ou non van querer pagar aos provedores, creo que esa é a pregunta deste punto da orde do día.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Como xa lle dixen aos compañeiros na Comisión, a Interventora operouse, está de baixa por iso xa lles adiantei que ía a ser complicado que puidese facer o informe indicando canto faltaba de inversión e vinculación 1-2 dende outubro a decembro, aínda así me pasou os datos, os datos de inversións o que falta no recoñecemento son 249.830€ e a vinculación 1-2 dende outubro a decembro 386.000€. Pode dicir que é moito ou pouco, por exemplo, un Concelleiro do PSOE no mes de maio gastou 311.000€, só en inversión 249.000€ non sei si a comparación lle parece ben a Verónica, estamos falando que dende outubro a decembro son 386.000€, unha Concelleira do PSOE en maio por exemplo gastou 245.000€, non sei si iso lle parece lóxico a Sra. Verónica ou non. É curioso que agora diga que faltan datos etc... lembro fai pouco máis dun ano nun pleno de febreiro de 2023, falando precisamente do recoñecemento, Verónica o que dicía era que as facturas se teñen que tramitar para poder pagar este recoñecemento extraxudicial de crédito e proba diso é o que estamos facendo hoxe aquí, pasando polo pleno esta listaxe de facturas, este recoñecemento para poder pagarlle aos provedores. Tamén dicía *“desgraciadamente non somos o único Concello que temos un orzamento pequeno para todos os servizos que presta, de feito imos prestando cada vez máis servizos, facéndonos cargo de servizos que necesita e que son necesarios para a veciñanza que non son en moitos dos casos da nosa competencia e*



*que temos que ir asumindo co que iso implica nas contas dun Concello". Naquel momento parecíalle ben asumir competencias, servizos e como puidemos ver no anterior punto non lle parece ben que o Concello asumira servizos e só reclamaba que asumiramos unha redución dos gastos, como dixen antes Dr. Jekyll e Mr. Hyde, mentres goberno digo unha cousa e na oposición digo outra.*

**Sr. Núñez Troncoso:** É 1.850.000€ que se gastou a maiores con respecto do orzamento do 2023, terán que pedir outro préstamo, xa temos 2.100.000€ encima. Sr. Guerra, o que vostede acaba de dicir o levamos dicindo ano tras ano e a situación é a mesma ou peor. Dígollo aos dous grupos PSOE e BNG, esta é a Alcaldesa que vostedes nomearon, ímosllo a repetir cada dous por tres, iso pasa cando se antepoñen os intereses de partido aos intereses dos veciños e voulle poñer varios exemplos: Centro de día, Galiña Azul, mellorar as instalacións deportivas, saneamento de Entenza-Soutelo, saneamento das demais parroquias, etc, díganme unha cousa isto que é política de dereitas ou de esquerdas? Porque si son de esquerdas estupendo e si son de dereitas tamén, aquí son prioridades as que se están marcando, aparten a ideoloxía para un lado e traballen polo ben dos veciños, traballen por estes obxectivos ou outros onde poidamos estar de acordo, así nin para un lado nin para outro e nos quedan tres anos máis de parálises e non é por nós, é polos veciños, servizos que non se lles van poder prestar e vostedes os teñen nas súas mans, salvo que nos teñan fobia quero pensar que non, e outra opción que teñen é entrar no goberno farían maioría absoluta e traballen por isto polo que acabo de dicir.

Respecto da nosa posición queremos deixar claro por enésima vez que nós non estamos en contra de pagarlle aos provedores o que estamos en contra é da xestión que fai este goberno e que facían os anteriores, xestión nefasta e irresponsable, creo que é evidente e basta con ver os informes de intervención que son demoledores, pero aquí non pasa nada, se nos venda que hai diñeiro, hai diñeiro para pagar isto agora mesmo pero vamos a chegar ao mes de abril e todo o que veña de abril en diante queda sen pagar e para o ano volveremos nestas mesmas datas co mesmo problema.

**Sra. Tourón Domínguez:** En resposta ao Partido Popular nós non estamos a falar do Partido Popular de Salceda, non estamos a falar do Sr. Santiago Rodríguez Davila cando estamos a falar de partidos, estamos a falar do Partido Popular do que recorta en sanidade, o que recorta en educación, etc... no que vota do SAF as traballadoras aos Concellos, etc... Contestando ao voceiro de Movemento Salceda, efectivamente sigo dicindo que a financiamento dos Concellos non é a xusta como se está a facer, efectivamente faltaría máis financiamento pero o que lle pide o PSOE é que ese esforzo de financiamento que falla porque a lei de financiamento dos Concellos non cubre o que ten que cubrir, non o bote nos bolsillos da veciñanza. En canto a falar de si algún Concelleiro ou Concelleira nun só mes debía tanto, ao mellor hai que poñer por exemplo que a Concelleira de Servizos Sociais ia nas súas contas o servizo de atención ao fogar que sumaba unha gran parte, non vaíamos a sumar as facturas senón o servizo que se daban porque dicir así cantidades sen máis, ou ao mellor, estaba a subvención das piscinas nese listado de facturas do Concelleiro do PSOE. Insisto, fíxose un plan de axuste para que o que estaba acontecendo durante moitos anos de traer recoñecementos extraxudiciais de crédito fose minguando, eu lle pido que non alonguen esa situación porque efectivamente ese plan de axuste deixou todo pagado ata marzo.

**Sr. Guerra García:** Sr. Núñez Troncoso non perda a esperanza, eu non a perdo de que o equipo que está no goberno mude de malas prácticas. Dende marzo do ano pasado para aquí



ata fin de ano este goberno local se gastou, non lle faltou moito para os 2.000.000€ fora de contexto e a pregunta que sempre nos cabe é ata onde? Porque as escusas sempre son as mesmas pero sentarnos, estamos dispostos a sentarnos a ver onde se corta e logo cando xa non hai por onde cortar podemos falar destas cousas pero primeiro hai que axustar a sangría e a sangría polo que se ve, é máis en ano electoral. Nós sabemos que toda xente que está sen cobrar non ten culpa ningunha e convidamos ao equipo de goberno que cada vez que contraten un servizo lles digan a empresa que contratan que non saben cando van a cobrar, e seguro que se aterán ao que se teñan que aterse, a esperar ou a inflar os prezos como todo o mundo sabe que hai algunha xente, non todos, porque saben que é o único xeito de sacarlle rédito a esta situación.

**Sr. Rodríguez Canosa:** As acusacións Tano en Fiscalía, si quere. Si Verónica tes razón no de na partida de Gela estaba o SAF metido, si de 245.000€ quitamos aproximadamente 45-50.000€ que era ao mes, entendo que che parece lóxico que unha soa Concelleira gaste 200.000€, toda a inversión que falta aquí neste REC é de 249.000€ penso que non estamos tal mal, porque a verdade é que fuches Alcaldesa dous anos e si que hai logros e hai cousas boas, un dos logros que podes por no currículo é que quede o máximo recoñecemento extraxudicial de crédito da historia, podes estar orgullosa de que sendo Verónica Alcaldesa conseguiu o maior da historia, 2.200.000€. Quérovos lembrar que no 2022, 2023 aprobáronse 800.000€ que se aplicaron no orzamento de 2023 que xa reduciron o orzamento de 2023 en 800.000€, 2.200.000€ de recoñecemento o ano pasado como veño dicindo récord histórico da Sra. Tourón, agora conseguimos reducilo en 1.800.000€, 400.000€ conseguimos reducilo nun ano penso que non está mal e senón o que sempre lles digo, díganme vostedes que factura desta que está aquí non está o servizo ben prestado ou non era necesaria. Repito, conseguimos reducir 400.000€ de REC dun ano a outro, e pregúntolle ao Sr. Salustiano que cifra necesita que reduzamos ou quere que deixemos un ano enteiro sen pagar?.

Traemos aquí un REC como se trouxo durante catro anos nos que se aprobou sen ningún tipo de problemas con facturas xa da lexislatura anterior dende marzo de 2023, agora mesmo o Concello conta con liquidez de sobra con 2.200.000€ no banco para poder facer fronte mañá xa a estas facturas polo tanto dende Movemento Salceda pensamos que o lóxico é pagar as empresas e os provedores do Concello por facturas e servizos realizados.

**Sra. Alcaldesa:** Recalcar o que dixo Álex, acusar ás empresas de que fagan un recargo nas súas facturas polo atraso dos pagos, Sr. Guerra, si as facturas son irregulares ten a responsabilidade de denunciado, é Concelleiro, non vale chegar aquí soltar iso, falar mal das empresas, que eu vou defender sempre, e non facer nada. É Concelleiro, si hai unha irregularidade denuncie, é o que ten que facer e eu creo que faría vostede un bo Concelleiro de Facenda como lle ofrecemos, poríalle seguro marabillosa solución a todo isto, claro, supoño que é máis fácil estar nas trincheiras, na oposición e sempre moito máis sinxelo para algúns. As portas seguen abertas Sr. Guerra, cando queira poña solución a toda esta escuridade económica do noso Concello que se repite anos tras ano, pero por fortuna nós os servizos os seguimos prestando e seguimos aquí humildemente cometendo erros, segurísimo, pero dedicándolle moitísimo traballo e servizo a Salceda. Este REC son catro relacións a primeira delas de 4.374 € todas facturas do PSOE do PIE, a segunda delas do Plan de Pago a Provedores de 10.800 dos cales 6.440 son PSOE. Paso a dar lectura á proposta de Alcaldía seguinte:





“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: *“Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”*

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2024-0030 coa correspondente nota de reparo suspensivo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

Proceder ao levantamento de reparo de intervención e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2024 correspondente a exercicios anteriores e que se relaciona no expediente núm. 334/2024, e que se compón das seguintes relacións de facturas:

- 1.- Relación facturas correspondentes ao exercicio 2022 e xaneiro do 2023 incluídas no Plan de Pago a Provedores do ano 2023, non aceptadas polos provedores, por importe total de 10.835,22 euros.
- 2.- Relación facturas imputables ao exercicio 2023 para recoñecemento extraxudicial correspondentes a gastos subvencionados. Importe total de 4.374,00 euros.
- 3.- Relación facturas imputables ao exercicio 2023 correspondentes ao período entre 01.03.2023 ao 30.09.2023, excluída inversión, para recoñecemento extraxudicial por importe total de 957.597,39 euros.
- 4.- Relación facturas imputable ao exercicio 2023 correspondentes ao período entre 01.10.2023 ao 31.12.2023, excluída inversión e vinculación 1-2, para recoñecemento extraxudicial por importe total de 237.556,71 euros.”

**1ª VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1).

**2ª VOTACIÓN:** Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-





**PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1), dirimindo o empate o voto a favor da Alcaldesa, adoptando o seguinte:**

**ACORDO:**

Proceder ao levantamento de reparo de intervención e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2024 correspondente a exercicios anteriores e que se relaciona no expediente núm. 334/2024, e que se compón das seguintes relacións de facturas:

- 1.- Relación facturas correspondentes ao exercicio 2022 e xaneiro do 2023 incluídas no Plan de Pago a Provedores do ano 2023, non aceptadas polos provedores, por importe total de 10.835,22 euros.
- 2.- Relación facturas imputables ao exercicio 2023 para recoñecemento extraxudicial correspondentes a gastos subvencionados. Importe total de 4.374,00 euros.
- 3.- Relación facturas imputables ao exercicio 2023 correspondentes ao período entre 01.03.2023 ao 30.09.2023, excluída inversión, para recoñecemento extraxudicial por importe total de 957.597,39 euros.
- 4.- Relación facturas imputable ao exercicio 2023 correspondentes ao período entre 01.10.2023 ao 31.12.2023, excluída inversión e vinculación 1-2, para recoñecemento extraxudicial por importe total de 237.556,71 euros.

---

**Sra. Alcaldesa:** Antes de seguir coa orde do día, vou dar a palabra a representante das traballadoras do SAF.

Toma a palabra representante das traballadoras do SAF, que da lectura ao seguinte: “O servizo de atención no fogar cubre as necesidades básicas da vida diarias das persoas dependentes, medio fundamental para manter aos maiores no seu fogar evitando o ingreso en residencias, complementando os cuidados familiares e sendo soporte vital de persoas que afrontan soas a dependencia, nada é máis importante para o ser humano que a vida, os cuidados para poder vivila con dignidade nas diferentes etapas, deben ser prioridade das políticas das diferentes administracións apartando da súa xestión calquera interese especulativo, a competencia exclusiva da dependencia corresponde ao Goberno da Xunta que deriva a súa xestión aos concellos e estes a súa vez optan pola xestión indirecta a través de empresas privadas de un servizo público, como atenden cada unha delas esta responsabilidade? A Xunta valora os usuarios segundo o seu grado de dependencia sen ter en conta as condicións familiares, sen reparar na xestión do servizo, outorga un dereito e paga por cada hora concedida, non se ocupa da xestión pero legisla facendo moi complicada a súa organización, ademais o orzamento aportado é insuficiente e non cubre o custo do servizo, 11 € no 2021, en bruto; 11,50 € e no 2022 e 12€ no 2024, prezo que apenas cubre o custe SMI, decisión políticas polas que concluímos que o Goberno da Xunta quere e confía no mantemento dun sector feminizado en condicións laborais precarias.



Os Concellos deciden que ante a insuficiencia de medios deben externalizar o servizo, non sei a que chaman insuficiencia de medios cando os medios necesarios para dar o servizo son a man de obra miña e das miñas compañeiras e os coches que aportamos nós, o realmente insuficiente é o seu compromiso social e a incapacidade para xestionar o que lles corresponde, ceden o servizo a empresas tendo en conta como único criterio licitar ao prezo máis económico posible, outra vez máis sen preocuparse pola organización ou condición das traballadoras que prestan o servizo. Todas estas decisións políticas tomadas por responsables políticos converten o SAF na sector máis precario da escala laboral co agravante de ser un sector feminizado que merece de políticas que poñan os coidados e os seus traballos no centro de atención, concretamente que fixo nos últimos anos este Concello? No 2020 xunto coa publicación do pregos emitiu un estudio económico que fixaba o prezo do servizo en 17,99€/hora o propio estudo conclúe que o 90% do custo vai en beneficio ao persoal, acaba licitando por catro anos a 16,70€/hora apenas dúas centésimas por enriba do custe do persoal, no estudio económico estimábase un crecemento do IPC de 1,5 anual e cabo sendo un 15,4%, manexando estes datos elaborados por elas mesmas non sabemos como as responsables municipais poden acreditar que as empresas veñan a un concurso dispostas a ceder os seus beneficios para favorecer a xestión do Concello, non entendemos como non sacan a conclusión de que a empresa necesariamente ten que ir a rebaixa do custe de personal para obter beneficio e que necesariamente esa rebaixa supón o incumprimento da lexislación laboral básica, incumprimento do que é participe e beneficiaria a administración que tomou deliberadamente unha decisión irresponsable, licitando un prezo que a priori sabe que non é suficiente para cubrir o custe laboral favorecéndose das rebaixas sen valorar as consecuencias para as mulleres que realizan o traballo, a realidade das auxiliares de Salceda tradúcese na falta de descanso semanal, falta de descanso diario, falta de medidas de seguridade e hixiene, xornadas partidas ata en tres cachos, abuso da contratación parcial, flexibilidade e dispoñibilidade absolutas e coche a disposición do Concello, todo por un salario medio no Concello de Salceda de apenas 800,3€ netos por auxiliar, nais de familia que teñen traballo pero non salario, traballadoras municipais que non alcanzan a ser sustento da súa familia. Despois desta necesaria introdución pasamos ao asuntos que hoxe nos trae a este pleno.

A realidade económica derivada da crise de inflación provocou un incremento do IPC acumulado nestes tres anos en 15,4%, un incremento imprevisto e inasumible para un contrato, que como explicamos antes foi licitado a prezo de custe, por esa razón levamos 14 meses informando aos gobernos de este Concello que non se nos está pagando o salario fixado en convenio concretamente neste momento estamos a percibir case mil euros anuais por debaixo do noso salario, mil euros son moitos euros e moito sufrimento nunha casa onde malamente chegamos ao sustento, 14 meses son moitos meses nesta situación, levamos 14 meses procurando solucións, sentándonos ata cinco meses na mesa a empresa, a gobernos e concelleiras, ofrecendo acordos, visitando despachos e ata reuníndonos en bares, hoxe chegabamos aquí como compromiso da Alcaldía de que unha vez aprobado o incremento do IBI podería levarse a aprobación a actualización do prezo que permitiría o cobro dos atrasos, sabiamos que o íamos a cobrar no 2025 pero alo menos cobrabamos, hoxe non pasou hoxe todo segue igual, porque hai neste pleno sentados 13 concelleiros que coñecendo da nosa situación (seis deste concelleiros deberían traballar no SAF porque non tiveron tempo para vir a reunión) da situación de 29 empregadas municipais, deciden que non hai nada que facer que podemos seguir esperando, que eles poden seguir coas súas batallas sen buscar solucións reais para mulleres reais. Hoxe vimos aquí a exixir medidas urxentes para a inmediata



reposición do noso salario, ocúpense das súas veciñas e fagan o que teñen que facer xa, actualicen o prezo ou expediente a empresa si é necesario e finalicen dunha vez o contrato, inicien inmediatamente os trámites para unha nova licitación, dende hoxe ata que teñamos unha solución viremos a todos os plenos, estaremos en todos aqueles actos que organice, estamos fartas de estar caladas e fartas coa indiferencia coa que somos tratadas cando o feminismo berra na guerra menos discursos e máis recursos refírese a isto, son vostedes os que ademais de aprobar mocións deben poñer os recursos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2023-1509 de 18 de decembro ata o núm. 2024-249 de 23 de febreiro.**

**Sr. Rodríguez Davila:** Xa o coñece a señora Secretaria Municipal, que tivemos dificultades ao acceso aos decretos e dado o número de decretos non nos deu tempo a revisalos todos polo que si no seguinte pleno ordinario temos algunha cuestión respecto de algún decreto que se trae a este pleno o preguntaremos.

Queda dada conta de decretos dende o núm. 2023-1509 de 18 de decembro ata o núm. 2024-249 de 23 de febreiro.

**Petición de comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación á situación do procedemento simplificado de valoración colectiva (Catastro) despois da sentenza 7263/2023 do TSXG de data 19 de outubro de 2023.**

**VOTACIÓN: Sometida a votación a comparecencia da Sra. Alcaldesa, esta resulta APROBADA por UNANIMIDADE dos TRECE concelleiros presentes nesta sesión.**

**Sr. Rodríguez Davila:** Matizar que a petición de comparecencia da Sra. Alcaldesa é a petición deste Grupo maioritario da Corporación do Partido Popular.

**Sra. Alcaldesa:** Antes de nada me gustaría agradecer ao Partido Popular de Salceda a solicitude de comparecencia para dar as explicacións oportunas, creo que é a cuarta comparecencia e eu sempre agradecín que me fagan comparecer. Tanto eu como o meu equipo de goberno somos persoas que valoramos a transparencia nas administracións públicas, polo tanto creemos que son normas básicas de funcionamento das administracións e por esa razón preferimos dar as explicacións nesta mesma sesión plenaria sen agardar a seguinte. Esta explicación ademais é unha explicación que creo que é esencial para que as veciñas e os veciños coñezan a verdade, unha comparecencia plenaria non é unha declaración de intencións, non é un falar por falar, non é un pronunciamento de líder de asemblea, nin sequera un mitin, unha declaración plenaria ten o mesmo valor que unha declaración xudicial, que un acto ante notario, ten o valor da verdade que ademais eu como Alcaldesa e primeira autoridade municipal asino na miña promesa e lealdade aos veciños e veciñas e tamén aos concelleiros e concelleiras aquí presentes, que son os representantes da veciñanza. Por iso solicitou o Partido Popular a



comparecencia, porque sabe que eu como Alcaldesa en sesión plenaria, nesta situación teño que dicir a verdade para ben ou para mal, cousa que de novo lle agradezo que me faga comparecer. A verdade, a rigorosidade e a responsabilidade deben ser sempre eixos fundamentais do funcionamento das Corporación, eu díxeno moitas veces creo que o embarramento ten que ser aí fora a través de páxinas anónimas, de perfís ocultos, aproveitar as asembleas políticas dirixidas intencionadamente por políticos eu creo que iso está ben para aí fora, pero aquí dentro ten lugar a verdade. A mentira estivo neste proceso dende o ano 2021 e segue a estar por parte de aqueles que so buscan arrimar a brasa a súa sardiña.

Antes de falar da sentenza que motivou esta comparecencia quero referirme á revisión catastral do ano 2021 da que se verteron ríos de tinta e que provocou unha alarma social interesada por parte do BNG de Salceda. O BNG de Salceda deseñou un plan creando unha plataforma de afectados e alguén por aí fora, non o digo eu, mo din a min, considera ademais que é unha estafa por esixiu a moitos afectados e afectadas un pago por participar superior ao que podían recuperar no caso de que ganasen o recurso, quero insistir, por parte do BNG de Salceda, xa que quero distinguir moi claramente entre os representantes actuais do BNG de Salceda e o BNG Galego que nada ten que ver coas accións das persoas que actualmente levan o partido, bueno lévano neste movemento, e quero dicir, porque non teño nada que ocultar, que esas operacións contra da institución municipal e aproveitándose da boa fe das persoas afectadas foi o que lle impediu que esta servidora publica e moitas das persoas que levamos a diante o noso proxecto, a Agrupación de electores Movemento Salceda, non nos presentamos precisamente da man do BNG. Repito, eu non teño nada que ocultar eu sempre poño as cartas boca arriba. Certo é que é evidente que non está no goberno o PP de Salceda porque a Agrupación de Electores serviu de parapeto precisamente para que non pasara, isto deberá ser analizado cando toque e tampouco é cousa desta comparecencia e debemos analizalo todos e todas. Naquela se dixo que o Concello fixera esta revisión catastral que a impulsara e algunhas cousas máis pero o tempo xa nos deu a razón nesa mentira.

O Concello non impulsou nin promoveu esta revisión catastral, o papel do Concello está estipulado por lei é beneficiario do IBI porque é un imposto que se estableceu para os Concellos pero non estableceu esta revisión. O Concello pode pedir que se cambie a ponencia de valores, pode cambiar o tipo, pode bonificar e pode pedir unha revisión pero non pediu esa revisión, esta revisión viu imposta polo Ministerio de Facenda e levada a cabo pola xerencia de Catastro como dixemos cen veces. Quero dicir unha cousa máis, o noso goberno foi responsable por unha cuestión imposta, unha decisión unilateral, unha decisión que non se nos consultou pero aínda así tentamos parar, mantivemos reunións con Catastro para ver que posibilidades había de suspendelo e actuamos con responsabilidade. Nós tamén podíamos enganar á veciñanza e pedir a suspensión e enredar para nada, só para quedar ben electoralmente e Movemento Salceda foi leal aos nosos socios de goberno, ao PSOE. Todos sabemos que o Ministerio de Hacienda e Castastro estaban e aínda están aínda hoxe dirixidos polo PSOE e o PSOE e Movemento Salceda actuamos unidos e de forma leal para buscar a mellor solución, esa mellor solución foron as bonificacións e a rebaixa puntual do tipo para minorar o impacto dos e das contribuíntes nun momento moi complicado. A protesta, a mobilización, a recollida de sinaturas o timo da estampita iso foi cousa de outros. Esa é unha posición fácil, a posición difícil é resolver problemas e esa é a nosa, pero de verdade que esta Alcaldesa sabe que estamos aquí para iso e asumo, asumo toda a responsabilidade.

O 26 de xaneiro pasado atopámonos nos xornais dixitais unha noticia, sensacionalista, promovida pola plataforma de afectados e polos avogados contratados con cartos esixidos aos



correspondentes asociados e asociadas, dicía que se suspendera a revisión catastral e realmente quedamos pasmados. Este Concello descoñecía calquera tipo de recurso e menos que chegara ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, certo é que o Concello de Salceda non promovera esa revisión catastral como sempre dixemos e polo tanto non tiñamos “per se” obxecto de recurso algún da mesma, pero é certo tamén que por tratarse dun tributo local o Concello de Salceda debería ser notificado e tomar parte do proceso pois estíbese a falar do noso urbanismo. Ante as numerosas chamadas non só de medios de comunicación senón de persoas interesadas, veciños e veciñas alarmadas, indagamos de que se trataba esta sentenza, e hai que dicir aquí que a información enviada aos medios de comunicación polos avogados e pola plataforma que dirixe o señor Guerra, limitábase a unha nota de prensa coidando moito de non enviar documentación completa. Non se enviou a resolución inicial do TEAR nin a sentenza do Tribunal Superior de Galicia, non fora a ser que algún xornalista lera a mesma e a realidade estropeará unha boa historia. Ao lograr a sentenza vimos que lle daba a razón a unha reclamación sobre un caso concreto, non anulaba a revisión catastral tal e como afirmaba a plataforma veciñal contra o catastrazo representada, repito, polo señor Tano Guerra Concelleiro do BNG, cada parcela ten unha casuística diferente e non se pode afirma que todas están aceptadas. Á vista desta sentenza vimos que non era certo que calquera persoa puidera solicitar a devolución dos seus pagos do IBI. Dende o equipo de goberno fixemos público un comunicado onde consideramos unha irresponsabilidade que sexa un colectivo representado por un concelleiro do BNG e os seus avogados os que están a realizar este tipo de afirmacións. Esa irresponsabilidade se mantén cando recentemente un avogado nas redes sociais volvía a dicir que a revisión catastral fora imposta polo Concello e quedaba o tipo tan tranquilo. Posteriormente o noso equipo técnico púxose a estudar a sentenza en cuestión, que nunca foi remitida a este Concello para tomar as determinacións oportunas como así fixemos, eu pedín unha actuación rápida tendo en conta que quería chegar a esta comparecencia cos deberes feitos para poder facilitarlle a vostedes información e documentación precisa. Agora mesmo temos o informe do equipo técnico, informe de Catastro provincial, falta por chegar o autonómico e o estatal que se pronuncia no mesma liña que o provincial e estarán en breve a vosa disposición.

Como consecuencia deste traballo e estudo podemos dicir que o Concello de Salceda tiña que tomar parte no fondo do asunto e ser notificado da existencia deste recurso e levado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo tanto, ao non facelo, éntrese en suposto de nulidade. Tendo en conta iso, este Concello presentou a solicitude de nulidade desa sentenza teñen vostedes a súa disposición as copias correspondentes. Esta Alcaldesa non podía tomar outra decisión máis que pedir a anulación da sentenza porque teño que velar polo interese xeral dos veciños e veciñas, amparámonos no artigo 49 da Lei Reguladora de Xurisdición do Contencioso Administrativo, porque un procedemento que por versar sobre un elemento dun tributo local como é a base impositiva a efectos do IBI tería que haberse emprazado ao Concello para que este puidese comparecer. A falta de emprazamento causou a este Concello un evidente indefensión ao ditarse unha sentenza que incide directamente na súa esfera de competencias sen darlle a oportunidade de poder comparecer e alegar o que estimase oportuno en defensa dos valores catastrais que serven de base á base impositiva do IBI. Se fomos notificadas, o Concello de Salceda de Caselas tería a oportunidade de acreditar que a tese que defende a parte recorrente é absolutamente e totalmente errónea e que non é certo que o chan se clasifique no Plan Municipal de 1997 coma non urbanizable, posto que as Normas Subsidiarias clasifícanos como solo non urbanizable de núcleo rural, que é unha categoría derivada da Lei 13/85 de Adaptación do Solo a Galicia, distinción que xa non se recolleu na Lei 1/97 do Solo a Galicia na súa disposición transitoria segunda, apartado cinco, considerou xa os





chans incluídos nos núcleos dende entón nas posteriores leis da materia a Lei 9/2002 e tamén na vixente Lei 2/2016.

Como xa expliquei publicamente e reitero, como Alcaldesa, correspóndeme velar polo interese xeral e garantir a seguridade xurídica sobre aqueles terreos aos que se lles outorgou licencia directa para urbanizar, non é ir en contra da única sentenza emitida ata de agora, senón velar polo conxunto e así o vou a seguir a facer. Entendo que a revisión catastral imposta puido ser perxudicial para algúns veciños e veciñas, pero tamén quero dicir que xa se fixeron as reparacións necesarias para evitar a excesiva carga impositiva para a veciñanza, que tivo que ser obxecto desta revisión tales como a baixa temporal de tipo e as bonificacións. Non sabemos cal vai ser o resultado desta petición de nulidade e poida que sexa posible que se reinicie o proceso, dando lugar a unha nova resolución xudicial xa tendo en conta, esta vez si, ao Concello. A miña posición mentres sexa Alcaldesa é velar polo interese xeral e defender a este Concello, tampouco podo asegurar aquí que no futuro ou dentro de tres ou catro anos o Concello teña que asumir posibles devolucións relacionadas con este tipo de imposto, porque somos conscientes de que Salceda ten deberes no terreo urbanístico. Na pasada lexislatura non se avanzou para conseguir un plan xeral coa situación favorable dun goberno con maioría absoluta e non sabemos si será posible neste en minoría. Eu recoñezo que existen problemas urbanísticos e que unha das causas desta problemática é a pervivencia das Normas Subsidiarias do 1997 que nós non aprobamos, aprobadas polo Partido Popular. Movemento Salceda tentou solucionar este problema coa aprobación dun PXOM no 2016, documento que foi tumbado naquel momento por PP e PSOE antes sequera da súa aprobación inicial.

Quero nesta comparecencia falar de futuro, dende o convencemento de que a miña estancia coma Alcaldesa e a do meu equipo é temporal, a nosa localidade ten a necesidade de ter un plan xeral de ordenación urbana que evite desigualdades e resolva definitivamente problemáticas como esta ou como algunha outra de falta de vivenda para a nosa xuventude. Ningún dos Grupos desta Corporación ten a maioría absoluta, temos que ser capaces de levalo adiante porque o que facemos é para o beneficio xeral e non dun grupo político particular e temos que pensar máis en Salceda e non tanto nos nosos intereses partidistas porque estou segura que os nosos veciños e veciñas no lo han de agradecer.

**Sr. Núñez Troncoso:** Vistas as intervencións dos diferentes Grupos que formamos esta Corporación e si velaran polos intereses dos veciños dou por feito que vostede non era Alcaldesa. Para mitin o que nos acaba de dar está moi ben. Isto xa se puido haber atallado ao principio, con iso evitaríamos certos inconvenientes si vostede houbera recorrido ao TSJ no seu día, naquel pleno de agosto de pediu este grupo en agosto do ano 2021, si vostede houbera recorrido naquela en vía xudicial pois ao mellor estaríamos noutra posición, con iso tamén se evitaba que os veciños tiveran que quitar cartos do seu bolsillo, habería que ver si había a posibilidade de suspender o cobro dos atrasos, pero vostede erre e que erre, que o Concello non pode ir a vía xudicial que vaian os veciños. Di vostede na nota de prensa sobre a seguridade xurídica sobre os terreos onde se outorgou licencia directa para urbanizar, quería facerlle varias preguntas: hai informes ou pediu informes xurídicos urbanísticos que avalen que a sentenza poña en cuestión, en perigo, as licencias outorgadas ou as que se poidan outorgar?

**Sra. Alcaldesa:** Xurídico e urbanístico e tamén o avala o informe de Catastro.

**Sr. Núñez Troncoso:** E a onde pediron eses informes?



**Sra. Alcaldesa:** A Catastro, Catastro fixo de oficio o Provincial, Autonómico e Estatal.

**Sr. Núñez Troncoso:** O provincial entendo que é a Deputación, xa dixen antes a parte de Catastro, que outros informes pediron?

**Sra. Alcaldesa:** Xurídico e urbanístico do noso Concello.

**Sr. Núñez Troncoso:** E porqué non pide un informe á asesoría xurídica da Deputación de Pontevedra? Porqué non piden informe a Dirección Xeral de Urbanismo? A nosa posición en todo este proceso foi clara e nítida, non ao catastrazo antes e agora o tiñabamos e o temos claro, aínda que outros consideren que nós participamos diso estando na oposición, é máis, pedímoslle a señora Alcaldesa que solicite á asesoría xurídica da Deputación de Pontevedra que emita o informe correspondente máis da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia sobre a solicitude xurídica sobre os terreos onde se outorga licenzas directas, nos núcleos das parroquias e onde se poidan outorgar. Si temos eses informes e eses informes son claros e evidentes de que non corren risco as licenzas concedidas e as que se vaian conceder en núcleo, nós vamos a apoiar que o Concello, neste caso á Alcaldesa. Non recorra as sentenzas que sexan favorables aos veciños, repito, si os informes que acabamos de pedir din claro e nitidamente que esas licenzas concedidas en núcleo, e as que se poidan conceder, non corren risco nós vamos a apoiar que o Concello non recorra as sentenzas favorables aos veciños.

**Sra. Tourón Domínguez:** Quero facer un inciso e por alusións, para que non haxa confusión, a relación de facturas que din que van no PIE, non sei si mirou a Alcaldesa que son do 13.12.2023 e o 27.12.2023, é verdade, é traballo socialista, pero o programa que se está executando porque o pedimos nós cunha subvención da Xunta de Galicia pero que se está executando durante a súa lexislatura, ou sexa, facturas do Partido Socialista a 31 de decembro de 2023 creo que todo o mundo sabe que non as temos porque non estabamos.

En canto ao REC máis grande da historia, pediríalle ao Concelleiro de Facenda que sumara os 800.000€ que el mesmo dixo que xa se trouxera máis 1.200.000€ de agora e os 631.000€ que acaba de anunciar.

Outro inciso, cando alguén empeza unha comparecencia dicindo que se ven aquí a dicir a verdade, eu creo que xa se presume que todo o mundo di a verdade aquí, si alguén ten que defender que está dicindo a verdade, mal comezamos.

En canto ao proceso simplificado é verdade que o Concello en ningún momento solicitou que se aplicara o procedemento simplificado, de feito foi o Ministerio, o Ministerio socialista aplicando unha lei aprobado polo Partido Popular anteriormente, na etapa do señor Montoro, naquel momento aplicouse conforme Lei e agora tamén digo que si hai unha sentenza firme que de pe á modificación desa aplicación da lei e ao igual que cumprimos a lei aplicándoa podémola cumprir aténdonos ás sentenzas e cando se teña esa firmeza se deixen de carambolas xudiciais e se faga cumprir a sentenza ao igual que cumprimos a lei no momento que se aplicou. Facendo alusións ao plan xeral que o PSOE naquel momento e o PP botaron a baixo, simplemente dicir que o PSOE abriu naquel momento un período de suxerencias nos que a veciñanza entregou 400 suxestións ás que antes da aprobación inicial, o goberno de aquel entón, non lle fixo caso a ningunha, ese é unha das razóns pola que se votou a baixo.

**Sr. Guerra García:** Sra. Castiñeira despachouse a gusto no mitin que acaba de soltar anti BNG



local, xa anunciou a súa intención de subir ao máis alto do castelo para defendelo porque a institución é ela non somos os veciños é ela, xa o dixo o outro día nunha nota de prensa que ía defender o interese xeral. Nós preguntamos si o interese xeral é colocarse fronte a máis de cinco mil veciños e veciñas que teñen propiedades na zona rural e que están afectadas por este golpe que non ten nada que ver. Por moito que vostede se empeñe, co urbanismo en todo caso pode ter moito que ver coa falta de actuación urbanística que houbo dende o ano 1997 ate hoxe nos núcleos rurais, lease as Normas Subsidiarias e saberá de que lle falo.

Aquí hai tempo que se fala, xa se intentou fai 4-5 anos, dun Plan Xeral e se volve a rescatar unha figura do Plan Xeral para solucionar este problema. O Plan Xeral que teñen algunhas persoas na cabeza só pretende solucionar o problema de declarar de novo por un documento os terreos nos núcleos rurais como urbanos a efectos de cobro, nada máis, porque cando nos erguemos no ano 2021 un día non mudara nada simplemente a alguén se lle ocorreu pensar, e Catastro non o fixo ben por non se leu as Normas Subsidiarias de este Concello que seguen tendo plena vixencia, de aí que lle caia agora a súa actuación e nós sempre tivemos dúbidas de que o goberno local estivera promocionando iso, pero si o goberno local non promocionou nunca iso o que está claro é que nunca se puxo do lado dos veciños, porque o seu interese era engordar a caixa.

Sra. Castiñeira si alguén lle di por aí que cometemos unha estafa era bo que o mandara a algún lugar onde o asesoren, porque eu creo que todas as persoas que estamos nesa plataforma sabemos todos o que pagamos pero lamentablemente tamén sabemos todos o que pagamos de atrasos e as derivacións e consecuencias de esa revisión catastral. En todo caso eu lémbrolle a vostede que no mes de outubro, a última vez que nos reunimos dúas persoas do BNG e dúas persoas da súa Agrupación de Electores, vostede manifestou que pola vía xudicial a onde pensabamos ir e o señor que estaba con vostede, señor Canosa, dixo que enganamos aos veciños co tema da plataforma. Mire Sra. Castiñeira, naquel momento nós xa sabíamos que había unha sentenza, indudablemente nós tivemos que calar ata que a sentenza fora firme porque xa sabemos que no mundo da política todo é posible, daquela a verdade démonos conta da súa xenreira cara ao movemento que se xerou aquí en contra do catastrazo e ademais tentando desprestixiar en medio da cidadanía ás persoas que tiramos para adiante, por iso e agora que se ve que hai unha sentenza favorable vostede segue na matraca de que vostede é aque ten que defender o castelo e os demais somos súbditos porque así nos están tratando normalmente a efectos impositivos, somos súbditos señora Castiñeira, quítese ese papel de arrogancia que ten que non lle vai ben nin no persoal nin no político e eu lémbrolle algo que se lle dixo pola nosa parte cando foi a investidura, non malgaste o esforzo que fixemos daquela para chegar a que vostede ocupe a cadeira de alcaldía.

**Sra. Alcaldesa:** Iso ten solución, Tano, é fácil. A xenreira é un sentimento que non teño, e chamarme arrogante creo que é como se lle chamaba a un compañeiro meu que ademais sei que é moi feminista, machista porque ilo degradando, siga tentando.

**Sr. Núñez Troncoso:** Quero recalcarlle unha nota de prensa que vostede enviou, *“Salceda solicita al TSJ la nulidad”*, será vostede, Salceda non, Salceda é máis que vostede. O Plan Xeral que vostede dicía a parte do que dixo Verónica que non admitiu ningunha suxestión o anterior Alcalde e vostede, que presentou este Grupo, o PSOE e os 300 veciños, nin unha e iso que dicía o señor Alcalde, Marcos Besada, que ia a ser o Plan Xeral de toda a Corporación, o Plan Xeral de vostedes a parte do pelotazo que tiñan no Cerquido. As Normas Subsidiarias están dende o ano 1997, levan vostedes gobernando 16 anos, en 16 anos houbo tempo de facer un plan xeral



de toda a Corporación non de vostede. Sra. Verónica, dicía vostede que é unha norma do PP é certo pero dende o ano 1997 non se pagaron por eses terreos, quen a aplicou? O señor Pedro Sánchez, cando entrou o señor Pedro Sánchez? No ano 2018, si estaba mal porque non a derogou ou a modificou? Remítome ao que dixen na primeira intervención sobre a nosa postura e quero que quede ben claro para todos.

**Sra. Tourón Domínguez:** Ao PP o Concello de Salceda aplicou a Lei que se había aprobado polo Partido Popular ao igual que noutros Concellos o Ministerio aplicou en Salvaterra, Mos, etc... nalgún dos Concellos moi anteriormente á entrada de Pedro Sánchez. En conclusión, naquel momento aplicouse a lei unilateralmente polo Ministerio e se agora hai algo que diga que non está ben aplicada ou que hai firmeza de que non, haberá que atender ás sentenzas ao igual que se atendeu a aplicación da lei, sen moita carambola de avogados que sabemos que nos leva no Concello de Salceda a continúa reclamación ás sentencias e a chegar a tribunais superiores, si hai que atender as sentenzas hai que atendelas e se corresponde devolver o diñeiro hai que facelo. Aquí se falou de informes, de informes que chegaron de Catastro, informes que fixeron os servizos técnicos, a min me parece inaudito que haxa unha comparecencia para hoxe e que a oposición non teña eses informe que recibiu o Concello Salceda que formamos parte da Corporación é en teoría a Alcaldesa di que formamos parte da solución.

**Sr. Guerra García:** Lembrarlle ao señor Núñez Troncoso que estiveran en contra do catastrazo non se notou, sempre pediron que o Concello fixeran actuacións pero vostedes nunca se meteron a facer algunha actuación para ir contra isto. Señora Castiñeira, penso que vostede non é a persoa, dende o meu punto de vista é moi persoal, capacitada para formar un grupo onde estea eu e si vostede quere unha persoa que lle conte as facturas do que vostede gasta, búsquea no medio dos electos da Agrupación de electores, no BNG non somos apéndice seus e non o imos ser e non estamos para sacarlle as castañas do lume, o único que lle pedimos neste tema concreto é que deixe a belixerancia cos veciños, que admita que hai unha sentenza que anula a revisión catastral e que a partir da aceptación de esa situación podemos falar de moitas cousas. O peor que pode facer e despois de tantos anos de falta de acción urbanística, non só dende o 2007 para aquí anteriormente tamén, tal como obrigan as Normas Subsidiarias que seguen plenamente viventes neste Concello, é o que determina que eses terreos seguen sendo rústicos e non deben pagar contribución urbana.

**Dación de conta do escrito presentado por Electra Alto Miño con rexistro núm. 2024-E-RE-123**

**Sra. Alcaldesa:** Nese punto vou facer referencia ao informe de Electra Alto Miño con respecto a unha moción que defendeu Vanessa Rocha no seu momento e que supuxo a emisión dunha nota de prensa posterior. Esta nota de prensa supuxo a resposta da empresa Electra Alto Miño que surte ao noso Concello. Nesa nota de prensa o Partido Popular critica que en Salceda se pagou un sobre coste de 140.000€ en dous anos: *“El PP de Salceda ha criticado la gestión del Gobierno local con las tarifas eléctricas de los servicios municipales tanto el alumbrado público como de los edificios, luego que dicen que pagaron un sobrecoste de 144.000€ en los dos últimos años, lo de la factura energética es una muestra más de la dejadez, de la ineficacia e ineficiencia del ejecutivo de Salceda por no hacer su trabajo tira con el dinero de todos y pierde de manera inaceptable un montón de dinero que podría destinar a otras inversiones y a servicios públicos muy necesarios para los vecinos, explica el portavoz municipal Santiago*



*Davila. Los populares recuerdan que en la actualidad el Concello de Salceda tienen contratadas unas tarifas de 0,25€/kW en hora punta, 0,19€/kW en horario llano y 0,15€/kW en horario valle, la mayor parte de la gente y de las administraciones están abonando tarifas planas entre 0,13 y 0,16 por kW desde hace más de dos años, por lo que no entendemos que está haciendo nuestro equipo de gobierno con todas las tasas energéticas que tiene contratadas cuando el mercado ya ofrece opciones mucho más baratas. Indica Davila que cifra el sobrecoste en unos 6.100€ mensuales, desde el PP recalcan que esta solicitud de nuestras tarifas es un trámite bien fácil de hacer ya que solo hay que pedirlo formalmente a la empresa distribuidora y no tiene nada que ver con los cambios del alumbrado por otros más eficientes de tecnología led, sino más bien al contrario, son medidas complementaria para bajar la factura, en este sentido tildan de peregrinas las excusas del gobierno sobre la supuesta dificultad de cambiar el prezo cuando se está inmerso en una renovación de alumbrado.”*

Esta era un extracto da nota de prensa do PP e esta é o pronunciamento de Electra Alto Miño, empresa que surte a este Concello:

**“ASUNTO: Nota prensa Partido Popular relativo a los prezos que viene soportando el Concello de Salceda de Caselas, onde afirman un despilfarro en el gasto energético.**”

Muy Sra. Nuestra,

*A la vista de la noticia aparecida tanto en prensa como en redes sociales respecto a un supuesto exceso de prezo pagado, por esa Corporación Municipal en los recibos de la luz del pasado mes de septiembre, queremos manifestarles lo siguiente.*

*La determinación del prezo de coste para las empresas comercializadora, se obtienen de la suma de los siguientes componentes:*

- *El prezospot en el mercado diario*
- *El coste del mecanismo de ajuste*
- *Los costes de las restricciones técnicas*
- *La banda secundaria*
- *El prezo del Mercadointradiaario*
- *Otros procesos del operador delSistema*
- *El pago por capacidad.*
- *El coste del acceso repercutido por la empresadistribuidora*
- *Otros costes (Tasa aprovechamientos especiales, coste bono social, costes de gestión)*
- 

*El prezo promedio de compra o coste soportado por esta comercializadora en los últimos tres años fue el siguiente:*

AÑO	Prezo promedio coste € kwh
2023	0,16719
2022	0,28290
2021	0,15906





El prezo promedio de venta de energía fue el siguiente:

AÑO	Prezo promedio venta € kwh
2023	0,171968
2022	0,270687
2021	0,154970

Por lo tanto, el margen promedio por energía para esta comercializadora fue:

AÑO	Margen Bruto X Kwh	Energía 20DH kwh	Margén Energía €	Margén Potencia €	TOTAL Margen €	% Margen S/Venta
2023	0,004776	1.128.079,0 0	5.388,19	0,00	5.388,19	3,56%
2022	-0,012209	1.162.772,0 0	-14.195,88	358,78	- 13.837,10	-3,37%
2021	-0,004094	1.180.374,0 0	-4.832,24	1.890,30	-2.941,94	-1,45%

Es decir, el margen negativo de los últimos tres años de los de 74 puntos de suministro con potencia inferior a 15 kwh. ascendió a 11.390,84 euros.

Es decir el Ayuntamiento de Salceda, consiguió, de esta forma, que, parte de la subida de prezos la absorbiese esta comercializadora.

En las facturas de suministro eléctrico existen dos componentes debidamente diferenciados en las mismas, el término de potencia y el de Energía, y según la política de venta de cada comercializadora pueden aplicar distintos márgenes a los componentes mencionados.

Como pueden observar en el análisis de márgenes, al indexar el prezo al mercado no se repercutió margen alguno sobre el Término de Potencia desde marzo del año 2022, al Ayuntamiento.

Detallamos el cuadro publicado por OMIE de prezo final por Mwh en el mercado libre, onde se puede observar que el prezo del mercado ascendió a 0,20281 € Kwh en el año 2022, a los que hay que adicionar la tarifa de peajes y otros costes.

<https://www.omie.es/es/market-results/annual/average-final-prices/components-free-market?scope=annual&year=2022>

Año	Mercado diario	Mecanismo de ajuste	Restricc. técnicas	Banda secundaria y SRAD	Mercado intradiario	Otros procesos del OS	Pago por capacidad	Precio final medio
2021	113,54	0,00	2,98	1,08	-0,03	0,18	1,20	118,95
2022	170,22	25,14	4,69	2,37	-0,22	0,29	0,31	202,81

En relación con la nota de prensa aparecida a nombre del PP, queremos, en base a lo anteriormente expuesto subrayar que adolece de todo fundamento en base a lo siguiente:



- *No pueden tomarse como referencia los prezos ofrecidos en el mercado en un mes concreto, ya que el prezo de compra varía día a día, por lo que los prezos indexados, como el que se le factura a ese Ayuntamiento, varía de la misma forma. En el cuadro que sigue se muestra la evolución de los prezos en los años 22 y23.*
- 
- *No aclara la nota si el prezo que se toma de referencia para el cálculo del “supuestoahorro” es indexado o fijo. Si fuese este último, el prezo sería notablemente superior, además del riesgo que su contratación supondría, ya que una bajada de prezos, haría pagar mucho más de lo que supondría contratar a prezo variable. En un mercado tan volátil como el actual, esto es algo que ocurre con frecuencia.*
- *La referencia de prezos que se indica, no incluye el término de potencia, que, como ya se ha indicado, es algo no publicado, y en el que, muchas de las comercializadoras que ofrecen prezos bajos, cargan unos márgenes importantes.*
- *Tal como se decía antes, de haber cerrado un prezo fijo en el mes de septiembre, el Ayuntamiento, a la vista de la bajada operada en los meses de noviembre y diciembre, habría incurrido en un gasto superior al que hubiese soportado con prezo indexado*

*En definitiva, no se puede realizar un análisis estático, tomando los prezos de los consumos de un mes, entre otras cosas porque no son extrapolables al mes siguiente, lo que cobra más razón de ser, en un mercado tan volátil como el actual, ni se pueden aceptar las conclusiones a las que se refiere la nota del PP de Salceda, sin saber cuales han sido los datos de los elementos de cada recibo de CUPs analizado, lo que hace imposible la comparación por no concretar los parámetros que han servido de base a la misma.*

*En el cuadro que siguen se observa cual ha sido la evolución del prezo medio, mes a mes, de los dos últimos años ha sido la siguiente, destacando que, a excepción de los meses de febrero y marzo, el prezo más caro del año, fue el del mes de septiembre:*

Periodo	Prezo promedio venta [EUR/kWh] 2023	Prezo promedio venta [EUR/kWh] 2022
enero	0,161768	0,278202
febrero	0,227228	0,278715
marzo	0,186445	0,396547
abril	0,166727	0,300163
mayo	0,155329	0,283674
junio	0,167943	0,334619
julio	0,165362	0,381904
agosto	0,171513	0,234744
septiembre	0,181456	0,216118
octubre	0,174606	0,207313
noviembre	0,149949	0,205127
diciembre	0,154404	0,192568
<b>PROMEDIO</b>	<b>0,171968</b>	<b>0,270687</b>



A continuación les detallamos cuadro comparativo de los precios de las distintas comercializadoras, publicadas en el comparador de la CNMC, onde se puede observar, que el precio indexado, facturado por ELECTRA ALTO MIÑO COMERCIALIZADORA DE ENERGIA S.L., al Ayuntamiento de Salceda, es el más barato de entre los que se encuentran en el mercado:

Comercializador	Término Energía [EUR/kWh]	Margén Potencia [EUR/kWh]	Total factura mensual (Impuestos incluidos)	EAM actual vs Competencia
CIDE CHC	0,1950 00	9,3785 49	61,10 €	- 18,25 €
IBERDROLA	0,1886 96	5,5475 91	55,73 €	- 12,88 €
EAM FIJO anual	0,1690 00	1,9849 23	47,81 €	- 4,96 €
VIESGO-REPSOL	0,1397 46	6,5428 56	46,45 €	- 3,60 €
FENOSA	0,1299 00	5,0804 02	42,82 €	0,02 €
ENDESA	0,1224 00	6,2382 80	42,46 €	0,38 €
Iberdrola 2.OTD Plan Online	0,1252 00	5,5472 55	42,33 €	0,52 €
EAM Indexado mes dic-23	0,1554 04	0,0000 00	42,85 €	- €

Prezo final indexado estimado Q1 y Q2 2024	
Periodo	Término Energía [EUR/kWh]
Q1-24	0,152153
Q2-24	0,141766

En resumen, las tarifas que viene pagando ese Ayuntamiento, son muy competitivas como queda acreditado en el cuadro anterior.

Respecto a los ejercicios anteriores la situación fue similar a la actual, pero con unos precios en el mercado mucho más altos, lo cual repercutió en las facturas soportadas por el Concello de Salceda, que, consiguió de esta comercializadora que no se repercutiese margen alguno, lo que redundó en un menor gasto para el Concello.

A todo lo anterior, habría que añadir, las facilidades de pago de los recibos de la luz de las que está disfrutando el Ayuntamiento de Salceda, y las ingentes inversiones que, se han llevado a cabo, desde hace varios años, en ese municipio, dotándolo, sobre todo, en el medio rural de infraestructuras, como las de fibra óptica. que hasta ahora no tenía, sin que esta empresa haya recibido un sólo euro de subvención.

Quedamos a su disposición para atender cualquier aclaración que precise. Sin otro particular,



*aprovechamos para saludarle.  
Atentamente."*

Así mo pediu a empresa e así era necesario que recollese en sesión plenaria porque desminte todo o que ti dixeches neste pleno.

**Sr. Rodríguez Davila:** Lamentable Sra. Alcaldesa, lamentable que traía a pleno unha cuestión dunha empresa privada nun comunicado que remite ao Concello, pero non pasa nada, a Sra. Alcaldesa defendendo as eléctricas. Nós non temos nada contra ningunha empresa, faltaría, o que resulta curioso, e o reiteremos, o Concello pagou nos últimos dous anos a maiores 140.000€ de sobre coste no prezo da luz comparando co subministro eléctrico que subministrou a este Concello outras dúas comercializadoras que a día de hoxe seguen traballando para este Concello, é dicir, o Concello de Salceda de Caselas, ten tres comercializadoras eléctricas das cales dúas nada que dicir polo prezo emitido a este Concello porque as tarifas se axustaban ao prezo de mercado competitivo do que a nosa compañeira Vanessa dixo nesa moción e outra non, e a realidade é que o Concello puido haber aforrado máis de 140.000€ en dous anos que podían haber servido, Sra. Alcaldesa, señores do Goberno, para incrementar a partida no orzamento das traballadoras do servizo de atención no fogar, por exemplo.

Mire vostede, non era necesario subir o IBI-urbana para incrementar unha partida para o orzamento, simplemente facendo unha boa xestión de contratación e redución do custe dos servizos, entre outros moitos na electricidade e que a día de hoxe o seguimos pagando, senón, porqué vostedes votaron a favor, que foi unha votación unánime desta Corporación, de traballar en buscar e licitar prezos competitivos de electricidade para o subministro deste Concello. Si vostedes están de acordo co prezo que pagaron porqué votaron a favor de mellorar e buscar un mellor prezo na electricidade? É culpa de empresa o que sucedeu? Por suposto que non, ningunha culpa da empresa e moito menos dos seus traballadores, a culpa é do goberno que permite esas tarifas e non fai ese traballo de control e rigor de facer unha revisión periódica do custe que nos están cobrando polo servizo eléctrico, nin máis nin menos, e vostede ven aquí a defender o indefendible.

En canto ao comunicado con todo o respecto cara a empresa non vou entrar, porque pretende xustificar o inxustificable. Normal que a empresa faga ese comunicado, eu lle invito a que vexan o prezo que pagaron as comercializadoras esas outras dúas con respecto a esta outra, aí están os datos e o Concello podía haber aforrado máis de 140.000€ en pago de facturas eléctricas, así de claro e de contundente, a responsable é vostede por permitilo en ese momento.

**Sra. Alcaldesa:** Eu traio o informe que realizou a empresa despois das mentiras que vostedes verteron nesta sesión plenario e logo na nota de prensa.

**Sra. Rocha Núñez:** Persoalmente pido que ti non me chames mentireira, si me quere chamar mentireira alguén que me chame a empresa, e sobre ese informe tamén lle explico porque a razón que da CUPS que non temos a acceso a ela, si temos acceso si temos acceso as facturas que temos por rexistro. Por iso non me fale de este informe que terá as súas verdades e as súas mentiras, que non son así e invítolles a que collan unha soa factura do mes de setembro, que se procedera a un estudio, que eu fixen un estudio das facturas do mes de setembro, collan unha factura e fagan a nota media e a ver si lles da o mesmo que o que marcan eles no



informe, é moi fácil. O que non vou permitir é, que eles me chamen mentireira que me chamen e que se senten comigo, pero que me chame vostede mentireira non o vou permitir.

**Sra. Alcaldesa:** Eu dixen que aquí se dixeron mentiras. Cariño vos deben ter as empresas, dicía Santi que vos nunca traedes aquí, non falades das empresas, cuestionastes con datos un servizo, dixestes que ou ben nós eramos tontos porque non sabiamos xestionar e permitiamos que ese aforro non se producira e que a empresa nos estaba estafando de algún xeito, viñestes dicindo isto. A empresa emite o seu informe eu sinto moito que non vos guste o que di. O seu compañeiro puxo en cuestión o servizo da gasoleneira, falou dela cando eu non quería falar de ese problema, falou do tractor de desbroces que tamén foi chamado a atención pola empresa, falou de desfribiladores, falou de Eléctrica Alto Miño. Creo que trouxo aquí e expuxo un montón de situacións sumamente delicadas economicamente das empresas e as expuxo aquí. Repito, este é un informe efectivamente da Eléctrica Alto Miño y si tes datos deberías contradecilo. Eu concordo con este informe e creo no servizo que nos prestan os provedores, todos cada un deles.

#### Dación de conta da renuncia como concelleira de Ángela Ledo Souto

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura ao escrito de renuncia de dona Ángela Ledo Souto:

*“D./D<sup>a</sup>. Angela Ledo Souto, Concelleira que son deste Concello de Salceda de Caselas, ante a Sra. Alcaldesa-Presidenta, comparezo e*

#### **EXPOÑO**

*Que decido presentar a miña renuncia ao cargo de CONCELLEIRA do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que veño exercendo dende a miña toma de posesión na sesión constitutiva da Corporación Municipal celebrada o día 17 de xuño de 2023.*

*Por elo,*

#### **SOLICITO**

*Que se dé por presentado este escrito se realicen os trámites que procedan, e sexa aceptada e tramitada a miña renuncia a dito cargo de CONCELLEIRA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.”*

**Sra. Tourón Domínguez:** Hoxe non podía rematar esta sesión plenaria sen aclarar a marcha da compañeira de Grupo, da compañeira de partido, de Grupo municipal e sobre todo amiga, Gela. Aínda que ela non quere entrar na polémica, lle pedín permiso porque creo que a veciñanza debe ter a información e debe ter claro todo o que aconteceu. Primeiro, Gela deixa o Grupo Municipal, que non o Partido Socialista, única e exclusivamente por motivos persoais e así nolo tiña trasladado xa a executiva do Partido Socialista no mes de novembro, e teño que agradecerlle que aceptase quedar ata que eu puiden, como é hoxe, da miña incorporación da baixa médica para que a veciñanza tivese a representación democrática que nos deron as urnas. Aclarado o verdadeiro motivo de marcha teño que dicir que o que aconteceu no pleno





anterior, no que eu non puiden asistir por atoparme de baixa médica, dende logo é inaudito. Por si alguén non o ten claro, aclarar varias cousas. Primeiro: o obradoiro de emprego é unha das políticas activas de emprego que promove a Xunta de Galicia non o Concello e para participar debes ser persoa desempregado inscrita na oficina de emprego, e Gela no momento da selección era persoa desempregada cumprindo todos e cada un dos requisitos. Non nos confundamos, nin Gela, nin as persoas que estamos como Concelleiros na oposición temos vinculación laboral ao Concello por ser Concelleiras ou Concelleiros, simplemente temos unha asignación única e exclusivamente por vir a plenos a comisións, non temos soldo aquí só o ten o equipo de goberno. Os obradoiros están case financiados ao 100%, menos os 5000€ que nomeou a Concelleira anteriormente, pola Xunta de Galicia non polo Concello de Salceda, unha das condicións que a lei marca para que non sexa incompatible. Outra das condicións que marca a non compatibilidade é que a selección a realiza a oficina de emprego para participar no obradoiro, non a fai o Concello, é a oficina de emprego e despois un Tribunal independente de calquera cargo político e por último trasladáselle a Xunta para a súa verificación. De verdade alguén dos que estamos aquí hoxe pode mirar incompatibilidade entre ser Concelleira e facer mobiliario para a Devesa, de verdade? Si alguén de aquí mira iso é que descoñece totalmente como funciona un obradoiro, aínda habendo sido Concelleira de emprego como foi Loli Castiñeira, tamén pode ser o descoñecemento porque daquela non se solicitaba sequera obradoiros nin se preocupaba polo emprego e como puidemos mirar neste pleno segue sendo así. Iso si, anda día tras día facendo fotos e vídeos dos traballos que deixaron feito outras e que agora mesmo fai o alumnado- traballador do obradoiro.

En que pode, repito, ser incompatible facer un armario para a Devesa con sentarse aquí no pleno a defender os intereses dos veciños e das veciñas? Non teñen dereito as Concelleiras e Concelleiros que traballaron con honestidade a formarse nunha profesión adquirindo competencias e prestando servizos a veciñanza? Deixo aquí estas cuestións porque creo que de verdade todos e todas temos que pensar, como diría a señora Alcadesa en algún pleno “hacerselo ver” e si hai que falar clariño levar este asunto a pleno foi cousa da señora Alcadesa, por certo, un pleno que pareceu máis unha actuación teatral que a unha sesión plenaria, porque primeiro leva o punto a pleno para en teoría facer cumprir a lei e despois ela mesma e o seu grupo se absteñen na proposta que presentan, unha actuación máis dentro do cinismo aos que xa estamos acostumbrados todos e toda. Esa actuación teatral, teño que dicir tamén, que se complementa coa posta en escena do Partido Popular porque tamén di que hai que facer cumprir a lei pero para facelo convocan unha asemblea para decidir si cumpren a lei ou no. Concelleiros e concelleiras do Partido Popular, si tan claro estaba esa lei na incompatibilidade porque deciden nunha asemblea si cumprir ou non a lei? E concelleiros e concelleiras de Movemento Salceda, si tan claro estaba esa lei porqué traen a pleno a incompatibilidade e despois abstéñense na súa votación? A incoherencia dende logo en moitas ocasións e a raíña da maioría deste pleno. Compañeiro Tano grazas polo apoio e por poñerlle un pouquiño de sentidiño común a este pleno. A ti Gela, sinto que hoxe teña que falar por ti pero debo facelo, sei que non che gusta pero tiña que dicir as cousas como son e a señora Alcadesa se rí porque ademais é moi fácil aproveitar unha baixa médica para traer unha cuestión destas a pleno. Sei que túa decisión non ten que ver con isto, nin co partido, tes dereito a decidir persoalmente o que vas a facer e eu sabía que todo tiña un comezo e un fin pero sei que o Partido Socialista de Salceda vai a poder seguir contando contigo aportando o teu grao de area para mellorar un pouquiño as cousas. Gracias por acompañarme todo este tempo, pola túa honestidade, pola túa dedicación, polo teu traballo e por mirar sempre Salceda como parte de ti, faríase moi longo de todo o que teño que dicir da persoa que me acompañou dende que sou Concelleira, pero vou resumir nunha frase, a súa visión social, a



súa empatía polos problemas alleos e a súa forma de mirar a sociedade fixo que eu fose mellor persoa e iso non o vaia mudar ninguén. Gracias.

**Sr. Rodríguez Davila:** Si é tan clara e tan contundente a vitoria electoral nas urnas porque convoca unha asemblea para decidir o seu voto? Me remito a miña intervención en nome de este grupo no pleno onde se decidiu, nos amparamos no informe e lle reprochamos a señora Alcaldesa que si trae iso amparándose no informe e despois se abstén, é unha decisión política non é persoal, no persoal por suposto todo o mellor e o noso respecto absoluto dende sempre, desexándolle o mellor e reiterando o que dixen no pleno onde se tomou aquela decisión.

**Sra. Alcaldesa:** Penso que as despedidas e ademais deste tipo teñen que ser bonitas, pero quedou claro que Verónica é unha esperta en mostrar xenreira cando se trata de momentos bonitos, quedou xa manifesto na investidura e na miña opinión hoxe volveu a facer exactamente o mesmo, e é curioso porque quedou demostrado tamén que esta noite sabe de moitas cousas, pero tamén sabe de incompatibilidades máis ca Secretaria e a culpa a ten esta Alcaldesa. En definitiva eu non vou a afondar máis, vaise unha compañeira, sorte na túa vida e que a sorte vos acompañe cada vez que deixedes a política e xa nos veremos polas rúas. Grazas Gela por estes anos.

**Sra. Alcaldesa:** Imos levantar a sesión debido a hora que é, as mocións e rogos quedarán para a vindeira sesión ordinaria.

